

## **vilalba**

Traballadoras do Hospital Asilo denuncian falta de persoal e de medios. **Pax. 3**

## **friol**

O Concello abre a tempada de verán no Club Fluvial o 17 de xuño. **Pax. 5**

## **as pontes**

Concello e Deputación firman o convenio para a residencia de maiores. **Pax. 6**

## **xermade**

Os maiores poden facer a declaración da renda por videoconferencia. **Pax. 15**

## **begonte**

Un convenio coa Deputación permitirá ao Cercud reparar a cuberta do muíño. **Pax. 16**

# As eleccións remataron con decisión xudicial



**deputación.** A Xunta Electoral repasou todos os votos nulos da zona de Lugo.

**concellos.** En Castro de Rei, Friol e Guitiriz houbo erros que foron corrixiados.

**rábade.** Único cambio nas alcaldías da comarca, á espera dos pactos.

## As Pontes adianta as citas do verán

Anuncian a actuación de Los Secretos e programan o Sons da Bocanoite e a Romaría das Merendas. **Pax. 6**

## A Deputación inviste nos concellos

Aprobadas as partidas para a dotación de servizos e apoio ao sector primario. **Pax. 18**

## Complétanse os ascensos deportivos

O SD Guitiriz xogará en Primeira Galicia e o Castro FSF farano na Primeira RFEF feminina. **Pax. 30**

## San Xoán



Celebrarase en Guitiriz e tamén no barrio do mesmo nome vilalbés. **Pax. 4 e 14**

## Penas de Rodas



A LXIII edición da romaxe cultural terá lugar o domingo 18. **Pax. 12**

## Festa do Motor



Abadín acollerá o 10 de xuño a segunda edición desta cita. **Pax. 17**

**Este verán o vas ver claro.  
Gafa de sol graduada  
dende só**

**89€**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba  
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes  
981 451 504

Promoción válida ata o 30/06/2023





**MÚSICA E MEMES.** O deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, e a alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, participaron no último concerto do ciclo Música e Memes, impulsado pola Deputación de Lugo, que se celebrou na capital da Terra Chá. Este programa, que percorreu nas últimas semanas Monterroso, Viveiro, Burela, A Fonsagrada e Becerreá, achega a música clásica ás novas xeracións a través dos memes e do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart. Este ciclo permitiu que máis de 625 estudantes de secundaria e ciclos da provincia coñeceran un estilo musical menos habitual nestas xeracións.

## Segue aberta a inscrición no concurso de música

O Concello convocou a segunda edición do Concurso de Música Local, unha iniciativa que naceu co obxectivo de apoiar as propostas musicais no eido municipal, divulgando e dando a coñecer os seus traballos, así como premiando a creatividade e innovación das persoas e grupos participantes.

O concurso está aberto a todas as persoas que integran grupos de música, así como asociacións, dúos ou calquera outra proposta musical de Vilalba, consolidados ou de nova creación. Débese cumprir o requisito de que polo menos unha das persoas que formen parte do grupo de-

berá estar empadroada no concello. Pódese concursar con calquera xénero musical, con letra e música orixinais, ou, en todo caso, sen dereitos de autor sobre a mesma.

Non se aceptarán letras con mensaxes de odio ou ofensivas e as pezas terán unha duración máxima de 4 minutos. Os interesados en participar deberán presentar a documentación pertinente e recollida nas bases no rexistro xeral de xeito presencial, ou a través da Sede Electrónica, ata as 23.59 horas do día 30 de xuño de 2023.

Os temas a interpretar deberán enviarse ao email [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es)



en formato mp3 ou mp4 (audio ou vídeo), despois de presentar a solicitude e a documentación precisa e dentro do prazo establecido.

Outorgaranse tres premios ás mellores propostas musicais de 1.000, 500 e 200 euros de entre os finalistas do concurso que actúen o día proposto pola organización. O primeiro premio tamén será obsequiado coa gravación en estudo da peza musical galardoadada e a gravación dun vídeoclip da mesma.

## O IES Lois Peña Novo ofertará oito ciclos formativos o vindeiro curso

O IES Lois Peña Novo de Vilalba abrirá proximamente o prazo de inscrición para o novo curso escolar no que ofrece unha ampla variedade formativa que inclúe Formación Profesional de grao Básico, Medio e Superior, así como Educación Secundaria para persoas adultas e Bacharelato semipresencial.

Destaca, como novidade, o Ciclo Superior de Mecatrónica Industrial en modalidade dual de ciclo completo na que colaborarán empresas como Entrepinares, DMAQ, Wind1000, PSI Tecnoloxía e Deseño, Quescrem, Grupo Sada, Finsa ou Lactalis. O resto de Ciclos Formativos de grao medio e superior que tradicionalmente xa se

viñan ofertando, contarán con prazas de FP Dual, neste caso só durante o segundo curso. A oferta formativa de FP conta con ciclos básicos de Informática de Oficina e Mantemento de Vehículos. Tamén os medios de Electromecánica de Vehículos Automóbiles; Instalacións Eléctricas e Automáticas e o de Atención á Persoas en Situación de Dependencia.

En Grao Superior contan co de Administración e Finanzas; o de Administración de Sistemas Informáticos en Rede e o de Mecatrónica Industrial. O centro ofrece unha educación de calidade, sendo referente de innovación e emprendemento, chegando a case ao 100% de empregabilidade

dos titulados medios e superiores e posibilitando a continuación de estudos noutros ciclos, cursos de especialización, ou graos universitarios.

Con respecto ás ensinanzas para adultos, estas están dirixidas a maiores de 18 anos, de 16 con contrato de traballo ou deportistas de alto rendemento, ofrecendo unha alternativa á vía ordinaria para obter o Título de Graduado en Educación Secundaria ou o de Bacharelato.

As persoas interesadas poden consultar a súa páxina web, visitar presencialmente o centro, chamar ao teléfono 982 87 08 60 ou enviar un correo electrónico a [ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal](mailto:ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal).



## Premio en innovación

A Xunta de Galicia vén de resolver os Premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional, cos que se recoñece o traballo de 45 centros, entre coordinadores e colaboradores.

Alumnos do IES Lois Peña Novo de Vi-

lalba fixéronse cun dos galardóns na categoría de Innovación didáctica. Os rapaces presentaron o traballo Maqueta Pila de combustible de hidróxeno. O obxectivo destes galardóns é potenciar as iniciativas innovadoras no ámbito da FP, o traballo colaborativo e a transferencia de coñecemento entre centros educativos.

### CONSTRUCCIÓN

Servicio de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de una tonelada para traballos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN • FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA • REFORMAS INTEGRALES • RETRO Y MINI EXCAVADORAS • ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS



Desde 1971 materializando sueños  
A nivel nacional e internacional



AVDA. GALICIA 11 - VILALBA  
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919  
[info@intergallego.com](mailto:info@intergallego.com)

### MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

Distribuidor oficial y exclusivo en Vilaiba de CBD

Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.

Sábados de 9:30 a 13:30h.

Domingos de feria de 10 a 14h.

# O festival benéfico de Nete recadou máis de 5.000 euros

Vilalba apoiou o IV Festival Benéfico a favor da loita contra o cancro organizado pola Asociación Cultural Mestura de Nete e a asociación veciñal San Cosme de Nete. O obxectivo desta cita era recadar fondos para apoiar o labor que desenvolve a Asociación Galega de Transplataados de Médula Ósea (Asotrame). A entidade recibiu un cheque de 5.000 euros.

Unha vez máis os veciños e veciñas da parroquia vilalbesa de Nete deron mostras do seu compromiso solidario e o seu empeño en poñer o seu gran de area para mellorar a atención aos pacientes oncolóxicos e contribuír á investigación médica. Unha vez máis, lograron implicar ao conxunto da cidadanía, que encheu o auditorio. Na venda de entradas e nas rifas os organizadores lograron



reunir ata 5.300 euros. A secretaria de Asotrame, Teresa Rodríguez, recibiu o cheque simbólico, que servirá para financiar as actividades e servizos da entidade para pacientes e expacientes de cancro hematolóxico. Asotrame puxo en valor o esforzo realizado por Mestura e a veciñal

San Cosme de Nete para organizar este festival e agradeceu a súa elección como destinatarios da recadación. “Unha decisión na que xogou un papel importante unha antiga usuaria do piso de estadia temporal para pacientes oncolóxicos da Coruña”, explicaron.

## A Esmuvi organiza este mes un campamento de verán musical para todas as idades

A Banda e a Escola de Música de Vilalba celebrarán este ano un campamento musical arredor da banda de música, o Mini Band Camp, no que ademais de pasalo ben, os pequenos aprenderán e mellorarán co seu instrumento mentres reforzan as amizades.

Será desde o luns 26 ata o venres 30 de xuño, en horario de 9.00 a 14.00 horas. As mañás de xogos, deportes e outras actividades ao aire libre complementaríanse cos ensaios dunha banda creada con todas as persoas participantes, rematando cun concerto final ao aire libre.

As persoas interesadas que toquen algún instrumento da banda de música e con calquera idade



poden inscribirse, xa que contan tamén con opcións para adultos. As prazas son limitadas polo que é preciso informarse e inscribirse nas redes e contactos habituais de Esmuvi Vilalba e a Banda de Música de Vilalba.



**DARÍO VILLANUEVA.** Cunha fundada análise metodolóxica, unha demorada investigación dialéctica e unha coidada presentación, Darío Villanueva debullou exemplos da linguaxe de hoxe en día en campos sociais tan dispares como a literatura, o dereito, a política e a publicidade. Todo este esforzo compilatorio destilouno na súa nova obra *Los poderes de la palabra* da editorial Galaxia Gutenberg, que presentou no Centro Internacional de Prensa de Galicia. Coa asistencia de numeroso público o expresidente da Real Academia da Lingua Española fixo un alegato en favor de darlle valor á expresión verbal, ao vocabulario, fronte ás agresións de todo tipo.

## Traballadoras do Asilo acusan falta de persoal e de medios

As traballadoras da Residencia de Maiores de Vilalba -xestionada pola Fundación Hospital Asilo de Vilalba (FHAV)- rexistraron un escrito dirixido á alcaldesa Elba Veleiro Fernández -dado que o Concello é parte do Padroado da Fundación Hospital Asilo de Vilalba-, así como á Inspección de Traballo, para denunciar as graves dificultades que están a ter para poder levar adiante unha correcta atención ás persoas residentes.

Xa en abril do ano 2021, logo de recibir queixas de persoas usuarias da residencia de maiores, o Sindicato Labrego Galego denunciou a falta

de persoal e o incumprimento dos ratios regulados na normativa de Centros de Servizos Sociais.

Dous anos despois, as traballadoras denuncian que seguen a incumprirse os ratios requeridos pola Lei de Servizos Sociais, toda vez que non se cubren as ausencias. Na actualidade hai aproximadamente 157 residentes repartidos en 6 pavillóns. “Nalgúns deles hai até 30 residentes e só unha persoa traballadora en quenda de mañá. Durante a tarde estes 157 residentes están atendidos por 7 traballadoras que, entre outras tarefas, deben levantar da sesta, cambiar

cueiros, dar as merendas, xestionar as visitas, dar as ceas e deitar a estas máis de cen persoas”, explican.

Esta situación é inda máis complicada por mor da falta de actualización da situación de dependencia das persoas usuarias, figurando moitas grandes dependentes só con supervisión física ou verbal, segundo trasladan as traballadoras. Á falta de persoal engaden as dificultades que lles supón non contar tampouco con medios materiais suficientes para a atención dos residentes, tales como grúas adaptadas, cadeiras de rodas e todo tipo de material sanitario.

**REFORMAS Y LIMPIEZAS**

*Ramos Lourés*

**EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS**

**SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS**

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

**PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Rei Don García 91 Bajo.  
27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486  
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
ryramosloures

## Xa hai gañadores do certame de microrrelatos

O Concello de Vilalba anunciou os gañadores da quinta edición do Concurso de Microrrelatos, un certame organizado en colaboración con Culturalia Gz co obxectivo de conmemorar o Día do Libro 2023 e, asemade, fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria.

Así, en categoría infantil, o gañador é Duarte Mariño Torrado co seu texto *Historias da semente*. O segundo premio é para Paula Pérez Cendán, por *Unha noite no Cemiterio* e o terceiro para Arwen Fernández García, por *O libro*.

En categoría xuvenil, Berta Comesaña Alonso logrou o primeiro premio coa obra *Cifras*. A segunda praza é para Noa Domínguez

Moreda, por *Memorábel*, mentres que o terceiro premio recibíbeo Óscar Linares González, por *O neno e a cidade*.

Na categoría de adultos, o mellor microrrelato foi *A vaca* de Raquel Fernández Fernández. A segunda praza é para Isabel Vázquez Rodríguez, por *Paralelas Diverxentes*, mentres que a terceira posición é para Enrique Manuel Neira, por *Naufraxio dobre*.

Os tres mellores microrrelatos nas tres categorías mencionadas recibirán os premios recollidos nas bases que, no caso dos adultos, son, respectivamente, de 300, 200 e 100 euros. Así mesmo, os galardoados na categoría infantil e xuvenil recibirán libros e material escolar.

## O GDR Terra Chá aproba as axudas a catro proxectos de entidades locais

Vilalba acolleu a reunión da xunta directiva da Asemblea Xeral do GDR Terra Chá na se que deu conta do reparto das axudas ós proxectos non produtivos promovidos por entidades locais, que ascenden a 148.000 euros.

Trala revisión das contas anuais do ano 2022 e do plan de actuación para o ano 2024 e o informe anual Leader a directiva comunicou os proxectos que recibirán unha achega desta insitución.

Así, foi beneficiado o proxecto de actuación de recuperación patrimonial para a posta en marcha dunha aula da natureza no concello de Begonte e o proxecto de Rehabilitación da antiga escola de Outeiro-Pedrafitas para equipamento municipal comunitario destinado a telecentro para a modernización, dixitalización



e fomento do emprendemento no medio rural (Guitiriz).

Ademais sumaron á lista o proxecto de limpeza, excavación arqueolóxica en área e consolidación no xacemento arqueolóxico Castro de Saa-Pastoriza e o plan de mellora da contorna da praia fluvial de Cabreiros, este último aprobado en

reserva.

Dentro do proxecto de cooperación do GDR, a Rede de Ecocomedores, na que participan os colexios Virxe do Corpiño de Begonte e o plurilingüe de Riotorto, terán lugar unhas xornadas de menús elaborados con produtos ecolóxicos, de tempada e cercanías.

## Empresarios de Sete Pontes convocan unha churrascada para o 16

O venres 16 de xuño, a Asociación de Empresarios Polígono Sete Pontes de Vilalba organiza a XVIII Xuntanza de socios cunha churrascada nas propias instalacións do polígono.

A ración está composta por churrasco, liscos, chourizo criollo, queixo, pan e viño a un prezo de 15 euros para socios e de 18 para os non socios.

A festa dará comezo ás 20.00 horas e haberá colchonetas de balde para os pequenos e tamén contarán coa música da orquestra Sintonía de Sancovade, que actuará a partir das 22.00. A festa terá lugar nunha espazo cuberto con carpa e a asociación anunciou que haberá agasallos e sorpresas.

## Vilalba presenta o programa das festas de San Xoán

A Asociación Cultural de Veciños do Campo de San Xoán celebrará un ano máis as festas na honra do seu patrón.

Esta dará comezo o venres 23 co concerto presentación das Pandeteiras Lambe Lambe, de Vilalba. Esta actuación será previa ao tradicional acendido do lume de San Xoán coa participación da Escola Municipal de Teatro.

Pasada a medianoite terá lugar o concerto de Delaostia, que ofrecerá versións dos 70 e 80 do pop español.

O sábado 24 a programación arrincará ás 14.00 horas, coa sesión vermú a cargo do grupo Noxo me Das,



tamén de Vilalba, que utilizará esta sesión para debutar ante o público. Pecharase a programación coa actuación do Teatro de Maionetas Monstrólogo.

## Ultimos días para presentarse ao XLIX Certame Literario

O Concello de Vilalba anuncia o inicio do prazo de presentación de traballos para XLIX Premio de Poesía do seu Certame Literario, así como as bases de participación.

O galardón está dotado con 7.000 euros e a publicación íntegra da obra gañadora, xunto a unha flor natural e un diploma.

O prazo para presentar os traballos remata o 9 de xuño ás 14.00 horas.

Poderán participar neste concurso todos os autores e autoras que o desexen, sempre que presenten as obras en lingua galega. Os poemas serán orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado.

As obras, de tema libres e cunha



extensión mínima de 500 versos, enviaranse por vía electrónica a través da páxina <http://www.certamedevilalba.org/inscripcion>.

**SOMOS EMPRESA DE COLOCACIÓN**

INSCRÍBETE COMO EMPRESA OFERTANTE EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR LOS MEJORES PERFILES PARA TU NEGOCIO

INSCRÍBETE COMO DEMANDANTE DE EMPLEO EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR TU EMPRESA IDEAL

estudios rafer 982 222 649 formacion@estudiosrafer.com

**Pe iníciate EMPÚCA O TEU FUTURO**

**CURSOS PARA JÓVENES DE ENTRE 16 Y 30 AÑOS 100% GRATUITOS EN MATERIA DE DIGITALIZACIÓN**

COMMUNITY MANAGER Y MARKETING DIGITAL

PERSONAL TÉCNICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DE PYMES Y AUTÓNOMOS

PERSONAL TÉCNICO DE LICITACIONES PÚBLICAS

CURSO DIGITAL DE COMERCIO Y MARKETING

MARKETING DIGITAL Y REDES SOCIALES

EXPERTO EN CIBERSEGURIDAD

¡Y MUCHOS MÁS!

INSCRIPCIONES EN [WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES](http://WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES)

estados unidos EQI

UNIÓN EUROPEA

## Abrirá a tempada de verán no Club Fluvial friolés o 17 de xuño

As piscinas municipais de Friol, situadas nun remodelado Club Fluvial, adiantan a súa apertura axudadas polo bo tempo e a demanda popular.

Así, comezarán a tempada o próximo 17 de xuño e manteranse en activo ata o 17 de setembro.

O horario será tamén moi amplo, xa que estarán activas de luns a venres de 14.00 a 20.00 horas e aos fins de semana e días festivos este amplíase de 12.00 a 21.00 horas. Novamente este servizo contará con prezos populares. Así, a entrada diaria para os menores de 5 anos será de balde e para os que teñan entre 6 e 14 anos custará 1 euro. Para maiores de 14 sobe ata os 3 euros.

Así mesmo, o Concello de Friol pon á disposición dos veciños os abonos de tempada completa, que teñen un prezo de 15 euros para usar de xeito individual e de 30 euros para familias. Esta aplícase para parellas con fillos menores de idade que residan no mesmo concello.



O verán pasado estreáronse as novas instalacións do Club Fluvial, que foron reformadas tras 40 anos sen cambios. As obras consistiron na renovación integral da edificación do edificio central ademais das dúas piscinas exteriores, unha de adultos e outra infantil, que ten o recinto. Tamén se executaron traballos de urbanización e a

creación de espazos axardinados. Por outra banda, a previsión é continuar coa urbanización de parte da contorna da praia fluvial, localizada nunha das marxes do río Narla coa renovación do paseo e a construción dunha ponte sobre o río. Tamén se fixo a mellora da pista de tenis.

## O Museo de Lugo expón por primeira vez a cabeza de Narla

O Museo Provincial de Lugo vén de recibir a través dunha doazón particular "a cabeza de Narla", unha peza arqueolóxica representativa da cultura castrexa que, a través deste ingreso, se amosa por primeira vez ao público.

A figura expónse na sala 9 da sección de Arqueoloxía do Museo de Provincial de Lugo, que nas vindeiras datas programará diferentes actividades para dar a coñecer a historia e o valor da peza para a sociedade lucense.

A doazón abre así mesmo unha nova etapa no estudo e na investigación da peza e da plástica castrexa, a fin de determinar máis polo miúdo as características, paralelismos, cronoloxía ou historia deste ben cultural.

Figura dunha cara, adosada a un cilindro de granito, de testa lixeiramente abombada, nariz triangular algo mutilada, dous ocos forman os ollos, debaixo do na-



riz incisión que correspondería a boca, queixo pronunciado. Polos laterais e por abaixo corre unha liña continua indicando o remate das queixadas.

Ten unha altura de 20 cm e anchura de 12 cm. Procede do Castro de Narla, Friol e está adscrita á cronoloxía castrexa.



### CICLOS MEDIOS

- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Electromecánica de Vehículos Automóbiles
- Instalacións Eléctricas e Automáticas

### CICLOS SUPERIORES

- Administración e Finanzas
- Administración de Sistemas Informáticos en Rede
- Mecatrónica Industrial



### EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Educación Secundaria para Adultos (E.S.A.)
- Bacharelato semipresencial



### PARA UNHA STARTUP



### CASTELÁN E GALEGO PARA INMIGRANTES



### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

### CUALE

- Formación complementaria en linguas estranxeiras: Nivel B1 de inglés

Rúa Cuart de Poblet, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 870 860 / Fax.: 982 870 868  
E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.es  
Web: www.iespenanovo.com  
Facebook: iesloispenanovo  
<https://www.edu.xunta.es/fp/>  
#FPGalicia





## Los Secretos actuarán nas Festas do Carme e a Fraga

As Festas do Carme e a Fraga das Pontes de García Rodríguez terán como protagonista este ano á mítica banda Los Secretos, que ofrecerá un concerto o venres 14 de xullo ás 22.00 horas no Canal IV. O grupo liderado por Álvaro Urquijo, continúa achegándose ao público cun show emocionante e optimista.

En palabras de Álvaro Urquijo, líder da banda, alá en 1978, “o grupo estivo baixo o exitoso liderado do meu irmán Enrique durante 20 anos e, tras o seu falecemento, puiden abanderar eu orgullosamente a nosa obra durante 22 máis. Por eso, nun momento tan importante como o de agora, queremos reivindicar a necesidade de seguir sempre adiante, de non deixarse vencer polos obstáculos e ofrecer a nosa música como unha ferramenta realmente útil ao alcance do público”.

## Covocada a Romaría das Merendas

O grupo de música tradicional No Cómbaro e o Concello das Pontes organizan a segunda edición da Romaría das Merendas que será o sábado 17 de xuño.

Un día enteiro de música e diversión, ambientado nos anos 50, na Fraga de Dona Rita, e na que se recuperará o esplendor dunha romaría de sempre.

Esta celebración está aberta a todos os públicos e só é preciso levar unha mantiña, unha cesta coa comida e moitas ganas de diversión.

O programa arracará ás 13.00 cunha sesión vermú que se prolongará ata as 15.00 horas. Contarán con Canavella das Pontes, Batifoula de Vilalba e o anfitrión, No Cómbaro.

Continuarán as merendas a partir das 15.00 horas, e de 18.00 a 23.00 horas haberá unha foliada estelar coa participación de Os do Xalo, Airiños do Eume, Son d'Aquí, Aquí e Alá, Charanga Alxibeira, Maghúa, Xirandela, Carecos e Ninfos.

# Concello e Deputación firman o convenio para a residencia

O tenente alcalde do Concello das Pontes, Antonio Alonso, e a deputada de Benestar Social, Ana Lamas, asinaron esta mañá no municipio pontés o convenio para a redacción do proxecto da residencia de maiores, no que o Concello aportará os terreos na rúa Pardo Bazán 120.

A Deputación da Coruña, pola súa banda, realizará unha achega económica de 38.500 euros para financiar tanto o proxecto técnico como o estudo xeotécnico.

Tras a firma, Alonso agradeceu “a permanente disposición por parte da Deputación para levar a cabo este tipo de proxectos tan importantes para a nosa vila”, así como destacou que “desde o Concello seguiremos apostando por mellorar os servizos sociais nas Pontes e por mellorar a calidade de vida e as prestacións para os nosos maiores”.

O texto especifica que “a raíz do es-



tudo realizado pola Deputación para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais na provincia, detectouse unha eiva significativa de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden á demanda real, ademais de ser en moito casos de titularidade privada”.

Sinálase ademais que “froito do sis-

tema existente, moitos maiores ven-se lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando o desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando episodios de soidade non desexada” e que “a pandemia puxo de manifesto a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala”, en consonancia “cos modelos observados noutros países”.

# Preparado o programa do Festival Sons da Bocanoite, o 1 de xullo

O Concello presentou a cuarta edición do festival musical Sons de Bocanoite, que se celebrará o sábado 1 de xullo na Carballeira da Fraga.

Trátase dunha das citas culturais máis importantes do verán na vila e incluírá tres concertos vespertinos, unha sesión vermú e un fin de festa que encherá de estilos musicais diversos a Fraga e o centro urbano. Os artistas desta nova cita do Sons da Bocanoite poñerán en escena diferentes estilos musicais, desde o pop máis elegante e cercano de Georgina, á canción de autor de Muerdo, pasando pola rumba ó reggae de Rupatrupa, ou mesmo os mellores bailes da man de La Duendeneta.

O público poderá gozar da cuarta



edición do Sons da Bocanoite desde o mediodía no centro da vila cunha sesión vermú a cargo de La Duendeneta para dinamizar o sector

hostaleiro da vila e pola tarde, a programación cultural moverase á carballeira da Fraga a partir das 19.30 horas con acceso gratuito.

Trala pausa por maternidade, Georgina regresa aos escenarios para ofrecer un directo, no que presentará as cancións que formarán parte do seu próximo disco e onde tampouco faltarán os seus grandes éxitos.

Rupatrupa, proxecto afincado en Tenerife chega ás Pontes co formato que o viu nacer. Un formato versátil e con enerxía que che convida a bailar, pero sen deixar de lado a esencia máis íntima do repertorio.

La Duendeneta xa é a primeira, única e auténtica discoteca móbil vintage do mercado.

## Programada unha andaina contra o cancro o día 11

A Asociación Española Contra o Cancro celebra este domingo, 11 de xuño, ás 11.30 horas a súa andaina solidaria co título As Pontes en marcha contra o cancro.

Esta actividade ofrecerá un percorrido de 4,2 quilómetros con saída diante do Concello para percorrer Perfolla, Sanda Calvo Sotelo, Térmica, Ciclo Combinado, As Veigas, Pardo Bazán, María Pita e de volta ao Concello. Trátase dun percorrido apto para todos os públicos.

As persoas interesadas poden inscribirse na Óptica Baamonde, El Baúl, Saavedra, Bar A Cepa, Cafetería Venus, Urbo Moda e Amas de Casa. Tamén se admiten inscrición a través da web e tamén aportacións sen necesidade de participar no evento. O custe é de 5 euros por adultos e 3 por nenos e nenas ata os 12 anos.

Todo o que se recade destinarase á investigación oncolóxica.

A Asociación agradece a participación masiva da sociedade pontesa e a colaboración das distintas institucións e empresas que fixeron posible a realización deste evento.

## Abre o prazo para os campamentos deportivos de verán

Abre o prazo para inscribirse nos campamentos deportivos de verán da Deputación, una proposta dirixida a rapaces e rapazas de entre 9 e 14 anos, ambas idades incluídas.

Os participantes neste programa desfrutarán de 5 días con aloxamento e manutención, na residencia que ten a Deputación da Coruña no IES Rosalía Mera, onde os nenos/as poderán gozar dunha ampla variedade de actividades deportivas e saídas culturais ou etnográficas.

As persoas interesadas en optar a unha praza deberán presentar a súa solicitude no departamento de Deportes do Concello das Pontes (Casa Consistorial, 1º andar).

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

## O IES Castro da Uz impartirá un novo ciclo dual de Mecatrónica

O IES Castro da Uz abre en próximas datas o prazo de inscrición para o novo curso escolar, no que ofrece unha ampla variedade formativa, que inclúe tanto FP Básica como ciclos de grado medio e superior, ademais da formación regulada de ESO. Dentro dos ciclos básicos o centro ofertará novamente prazas en Mantemento de vehículos e no de Informática de oficina. Ademais, no apartado de ciclos medios, o Castro da Uz ofrece titulación en Electromecánica de vehículos automóbiles e Sistemas microinformáticos e redes. En formato dual tamén inclúen no seu programa o de Soldadura e caldeiraría.

Para este ano que comeza en grado Superior ofertan tres especialidades. Ao tradicional de Administración e Finanzas únense dous máis de modo dual. O primeiro é o de Desenvolvemento de aplicacións webs, que se implantou o ano pasado cun gran éxito. Para o próximo instaurarase



un novo, o de Mecatrónica industrial, que vén a reformular e mellorar o de Mantemento Electrónico que se impartía ata o de agora. Este novo ciclo foi unha demanda dunha empresa da contorna do sector eólico, que ten o obxectivo de acoller aos titulados que saian do centro. Ademais disto, no centro impártese tamén formación para adultos e os diferentes niveis de inglés, ademais de cursos de formación para desempregados.

No último ano tamén puxeron en marcha un aula de emprendemento coa finalidade de impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas á potenciación do emprendemento e o autoemprego. Finalmente, impartirán desde xullo, uns cursos dirixidos principalmente aos maiores sobre noicións básicas e manexo de ordenadores e móbiles, centrados principalmente en actuacións como citas electrónicas, cobertura de formularios, etc.

## Formoso pide á ministra Raquel Sánchez unha liña de ferrocarril de mercadorías

A ministra de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, estivo en Ferrol e As Pontes. O alcalde, Valentín González Formoso, recibiu á ministra na vila e demandou unha liña de ferrocarril de mercadorías entre Ferrol e Lugo que pase polo municipio.

O actual rexedor solicitou a incorporación desta alternativa aos estudos do Ministerio, polo seu papel, dixo, "absolutamente definitivo" para apontoar a recuperación da potencialidade industrial da comarca, en

pleno proceso de reindustrialización.

"As Pontes ten que ter tódalas posibilidades loxísticas que esixe ou seu vencello co porto de Ferrol e que complementen ás conexións viarias", apuntou.

Pola súa banda, a ministra confirmou o apoio do Goberno e do Ministerio ao proxecto liderado por Formoso, "que representa a todos aqueles proxectos que poidan facer realidade e factible o impulso e o desenvolvemento desta cidade".



## Abre na vila o centro de interpretación A Mina



O Concello das Pontes abriu o centro de interpretación A Mina. O espazo, posto en marcha coa colaboración da Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume, responsable da elaboración dos contidos expositivos, está situado na antiga Casa da Enerxía e alberga unha mostra sobre a historia industrial das Pontes vinculada á mina de lignito pardo e cedida por Endesa.

Así, a través de contidos gráficos, audiovisuais e paneis interpretativos, o público asistente poderá afondar en aspectos relacionados coa formación do xacemento mineiro pontés e as súas características xeolóxicas.

As persoas visitantes tamén se poderán achegar ás primeiras actividades extractivas realizadas na mina das Pontes pola Empresa Nacional Calvo Sotelo (ENCASO), na década dos anos 50, e poderán coñecer o día a día do xacemento a través da testemuña dos seus protagonistas.

A continuación, ás persoas que visiten o centro de interpretación mergullaranse na década dos anos 70, momento no que o Instituto Nacional de Industria decide reorganizar os seus activos

e transfere o complexo eléctrico mineiro das Pontes á Empresa Nacional de Electricidade Endesa, comezando unha nova etapa da historia industrial do municipio.

A partir de aí o público visitante poderá coñecer en profundidade os 30 anos de historia da mina das Pontes, o proceso extractivo utilizado e descubrir as infraestruturas e os equipamentos empregados na actividade mineira, as súas características, o proceso de transformación do carbón en electricidade así como a actividade diaria na mina e na central térmica a través da voz dos empregados e empregadas da compañía.

Ocupa un lugar destacado a información relativa aos procesos de rexeneración ambiental levados a cabo tanto no vertedoiro como no oco mineiro a través do que as persoas visitantes poderán obter información sobre as distintas fases de execución e recursos empregados en ambas intervencións de recuperación dos espazos.

As persoas interesadas en visitar o centro de interpretación "A Mina" poderán chamando ao teléfono 981 453 116 para fixar día e hora da visita.

<p><b>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</b></p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES MECANIZADOS</p> 	<p><b>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</b></p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p><b>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</b></p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN bezarres S.A.</p>	<p><b>Y PARA TU JARDÍN...</b></p> <p>ZEPPELIN ANOVA DUCATI</p> 	<p><b>RYS SESACAR</b></p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	--	--



**PASARELA.** O Concello das Pontes realizou os traballos de colocación dunha nova pasarela sobre o río Eume, unha nova estrutura que permitirá minimizar o impacto visual, segundo as especificacións de Patrimonio e adaptada ás medidas de accesibilidades vixentes. O proxecto de creación dunha nova pasarela, cun orzamento de 168.441 euros con cargo á Deputación da Coruña, está destinado a mellorar a accesibilidade e mobilidade no casco urbano e garantir unha mellor calidade de vida para a veciñanza.

meira

## Convocan a III Baixada de carrilanas o 17 de xuño

A Asociación de carrilanas Os Meiregos presentou xa o seu cartel para a cita deste ano, a que sería a III Baixada Vila de Meira e que ten como data de celebración o 17 de xuño.

A inscrición para este evento xa está aberta e ten como data límite o 14 deste mes. Como sempre, esta pode facerse a través da web e das redes sociais da federación de deportes de inercia ou as redes sociais da asociación organizadora.

A proba dará comezo ás 16.30 horas pero durante toda a mañá haberá verificacións e adestramentos. Os remontes están previstos para as 14.30 horas e haberá ás 13.00 horas uns petiscos para os participantes.

O percorrido de Meira, de preto de tres quilómetros, arrincará xunto aos eólicos para pasar polo Pedregal de Irimia e finalizar na aula da natureza, cunha pendente do 12%.

**PROXECCIÓN.** O colectivo Eme de Meira organiza este venres, 9 de xuño, a proxección do documental *El último de Arganeo*, de David Vázquez.

Despois de levar unha vida de estu-



dante en Ponferrada, o mozo de 24 anos Edilberto Rodríguez decide regresar ás montañas e dedicarse ao pastoreo dun rabaño de cabras. Coa lembranza de seus avós moi presente, *El último de Arganeo* recolle a historia de Edilberto, un rapaz pastor orgulloso da herencia dos seus antepasados, e que reivindica as tradicións dunhas terras deshabitadas e a memoria dunha forma de vida ao bordo da extinción.

A sesión terá lugar ás 21.00 horas na casa da cultura de Meira.

## Area será o nome da nova Rede de Empresarias Autónomas

AREA foi o nome escollido polas máis de corenta mulleres que lideran proxectos empresariais nas Pontes e que se reuniron para crear a Rede de Autónomas e Empresarias. O nome fai referencia ao que cada unha delas aporta coa súa experiencia para enriquecer a rede, como se dun grao de area se tratase, e de que entre todas poden levar a cabo un proxecto máis grande e conseguir grandes resultados, formando unha montaña para consolidar este ilusionante proxecto.

Nesta ocasión, empezaron coa ronda de presentación de proxectos para coñecerse mellor e promocionar as súas actividades e así nun futuro poder establecer sinerxías entre elas. Esta iniciativa nace da colaboración



entre a Asociación de Empresarios Seara, Asociación Euroeume Cohempo- Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses e o Concello das Pontes co obxectivo de axudar ás autónomas e empresarias a desenvolver a súa actividade empresarial.

Coa concepción clara de que as autónomas e empresarias son o corazón deste proxecto, e que o traballo para realizar vai ir encamiñado a cubrir as súas necesidades, créase unha rede que aglutinará a proxectos empresariais liderados por mulleres de todos os sectores de actividade.

a pastoriza

## Campo do Oso abre a tempada das rapas das bestas na provincia

A Rapa das Bestas de Campo do Oso situado na estrada de Mondoñedo á Pastoriza, volverá a ter este ano a súa tradicional Rapa das Bestas.

Esta tradicional festa é a que abre o calendario deste tipo de celebracións, xa que se fai o último domingo do mes de xuño, que coincide o día 25 este ano e está organizada pola Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega, Puraga. Os asistentes a esta celebración e tralo peche dos cabalos no curro para a súa rapa e marcado, poderán gozar coa sesión vermú amenizada por un grupo musical e coa degustación de poldro galego.

A xornada comezará coa saída dos xinetes para a baixada dos animais ata o curro, e sobre a media mañá dará comezo a rapa e o marcado e ao remate, será a sesión vermú coa presenza de polbería e churrasco.



## Festa do Churrasco en Bretoña

A comisión de festas de Bretoña inicia a tempada de verán coa celebración da Festa do Churrasco, que terá lugar o venres 16 de xuño a partir das 20.30 horas.

Esta realizarse no teleclub de Bre-

toña e contará coa animación da Escola da Banda de Gaitas da Pastoriza e o DJ Pedro Bermúdez. A ración de churrasco estará a un prezo de 10 euros e contará con servizo de bar.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

**CARACOL +**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



BANDEIRA AZUL



Lago de As Pontes  
Creamos un océano para ti



## riotorto

## A Muxueira recupera a Romaría de San Antonio o día 18

A Asociación de Veciños da Muxueira, en Riotorto, celebrará o próximo 18 de xuño a Romaría de San Antonio, que ten como obxectivo recuperar a tradicional bendición dos animais, xa sexan mascotas ou animais de traballo.

O acto dará comezo ás 12.00 horas coa bendición e tamén a procesión que rematará cunha misa solemne na honra a San Antonio de Pádua.

Ao remate haberá uns petiscos de balde para os asistentes.

A organización lembra que non se usarán foguetes para evitar riscos durante a celebración do evento.

## O servizo Coidados porta a porta vuelve este mes

O Concello en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia informa que nos días 28, 30 de xuño e 3 e 4 de xullo terán fronte ao colexio de Riotorto de novo unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podoloxía outro de audioloxía e un terceiro servizo de estimulación da memoria.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico [coidadosportaaporta.politicaso-cial@xunta.gal](mailto:coidadosportaaporta.politicaso-cial@xunta.gal).

## As poxas da Xestosa regresan o día 10

Muras celebrará a súa tradicional Romería de San Antonio da Xestosa o sábado 10 de xuño comezando coa misa ás 12.00 horas con procesión seguida de sesión vermú co grupo Galia. Pola noite, este mesmo grupo acompañará ao dúo Gaia.

Ás 15.00 horas está previsto o xantar popular no campo da festa a base de empanada, ensaladilla, codillo asado, tarta xeada e café por un prezo de 25 euros. As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 8 de xuño nos teléfonos 617 914 924, 666 230 599 e no 669 302 211.

Pola noite tamén haberá pinchos gratis para todos os asistentes.

O domingo, haberá oficio relixioso tamén á mesma hora e sesión vermú prolongada co trío Zafiro, que poñerá o punto e final a dous días de celebración. Nesta romería, que se celebra ininterrompidamente dende hai un século, haberá poxas os dous días, sendo un dos poucos lugares de Galicia onde se conservan.

## muras

## Muras acollerá unha nova sesión do congreso de fotografía de Ares

O Congreso de fotografía de longa exposición de Ares (LEA VI), que veu organizando a Asociación Fotógrafa Ferrolterra regresa este 2023 a Muras.

O colectivo pon en marcha este ano a sexta edición dun congreso no que participarán expertos en fotografía como Daniel Viñe, Alfredo Madrigal, Inma Carrión, Paulino Gasalla, Olivier Fay e David Araújo.

O congreso, que se desenvolverá do 13 ao 15 de xullo no Mosteiro de Santa Catalina en Ares, levará a cabo a primeira xornada en Muras, unha das zonas starlight na que a asociación desenvolve moitas das actividades de astrofotografía.

Daniel Viñe e Alfredo Madrigal protagonizarán unha master class de fotografía ademais dunha exposición de astrofotografía que se poderá visitar na casa do médico.



A sesión, que se desenvolverá durante a noite, leva incluída unha acampada libre e gratuíta no cámping de caravanas.

Os días 14 e 15 será o mosteiro aresano situado en Montefaro o lugar no que tamén estarán os relatores que achegarán aos asistentes as técnicas de astrofotografía, Lightpainting e Darklight.

## rábade

## Entregados os premios do certame de contos

Os afortunados foron, na categoría A, para os máis pequenos, Xiao Montes Baamonde, seguido de Ariadna Fernández Méndez e Aimar Devesa Lage. Na categoría B o primeiro premio foi para Julia Sanjurjo Castiñeira. A continuación foi permiada Paula Fernández Piñeiro e Daniel Seoane García. Na categoría C só houbo dous premios, para Elena Varela Vázquez e para Xiana Seijas Castro.



## Acruga renova o convenio da recría de xatas na Granxa Gayoso Castro

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega acaba de dar un novo impulso a esta raza coa renovación do convenio que mantén coa Deputación de Lugo para a recría de animais puros na granxa Gayoso Castro. A institución provincial destinará 172.000 euros ao ano, durante as anualidades deste 2023, e de 2024, 2025 e 2026, co obxectivo de seguir apoiando á raza autóctona de carne. Este convenio tamén supón unha importante axuda para os gandeiros de raza rubia, aos que a asociación compra as xatas de poucos meses destinadas ao centro de recría da Deputación para, unha vez preñadas, ofrecelas en poxas aos gandeiros que se incorporan á raza ou aos que precisan de máis animais de calidade para a súa explotación. No últimos catro anos adquiríronse desta forma un total de 360 animais de alto valor xenético a criadores.

A recentemente acordada renovación supón seguir un camiño que comezou en 2007 coa firma do primeiro convenio, cando o centro de recría de Castro Ribeiras de Lea comezaba o seu funcionamento cun rabaño pequeno. Desde entón, con altibaixos debidos sobre todo a inmovilizacións do gando por probas de saneamento, a actividade na granxa e a venda de animais en poxas foron constantes, máis se se compara coas vendas e a evolución dos prezos doutras razas de carne a nivel nacional.

A colaboración entre Deputación e Acruga comezou coa celebración de cinco ou seis poxas ao ano, mentres que nos últimos anos foron moitos os concellos da provincia os que solicitaron este tipo de poxas.

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

ACEPTAMOS VALES DE COMPRA DE LAS AYUDAS PARA LIBROS Y MATERIAL ESCOLAR

RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

**LIBRERÍA CAMPUS**

C/ Orense, nº 82, Bajo.  
27004 Lugo  
Tel.: 604 001 116  
[libreriaagalicia@librosmil.es](mailto:libreriaagalicia@librosmil.es)

Ronda Mercedes 45-47 LUGO  
Telf.: 982 284 705  
[libreriacampus@librosmil.es](mailto:libreriacampus@librosmil.es)

## O campamento de verán contará con tres quendas

O Concello de Castro de Rei celebrará no mes de xullo tres campamentos de verán repartidos entre a capitalidade e Castro Ribeiras de Lea.

Volve o campamento urbano en tres quendas para rapaces de 3 a 14 anos. Así, a primeira será do 1 ao 15 de xullo, outra do 16 ao 30 do mesmo mes e rematarán do 16 ao 31 de agosto.

Esta actividade terá un horario de 9.30 a 14.00 horas con servizo de madrugadores desde as 8.30 horas. As xornadas desenvolveranse nas instalacións do centro sociocultural Xosé Manuel Carballo e no pavillón deportivo municipal de Castro Ribeiras de Lea.

No campamento desenvolveranse actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cerceda, etc.

As inscricións poden facerse a través dos formularios que se descargan na web do Concello, [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal), e entregarse por rexistro.

Ofrecerán información no teléfono 982 804 773.


## O rural contra o cancro

### Médicos de Castro Ribeiras de Lea reciben un premio por un estudo

Abordaxe poboacional mediante estratexias de prevención primaria e secundaria de cancro no ámbito rural é o título do proxecto que foi recoñecido co primeiro accésit da II Bolsa de Medicina Rural concedida pola Asociación de Médicos Rurais (Aomega) e a Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia (SEMG) e que se queda na Terra Chá. Os seus autores, os doutores Carlota Bugallo, Brais Miguel García e a residente de terceiro ano Sonia Muínelo, poñerano en marcha na Unidade de Atención Primaria (UAP) de Castro Ribeiras de Lea co obxectivo de “coñecer o mapa de situación da poboación con respecto á enfermidade”.

Os autores explican que a súa iniciativa consiste en coñecer a afectación de cancro na poboación desta área rural, de ao redor duns 6.000 habitantes, realizando un mapeo da mesma, para, a continuación, poder utilizar todas as estratexias de prevención primaria e secundaria das que dispoñemos neste ámbito.

O seu principal punto forte, e o máis visible para os pacientes, “probable-



mente sexa a realización de talleres de hábitos saudables e prevención de factores de risco cardiovascular, así como a captación precoz e activa, pola nosa banda, en caso dalgún signo ou síntoma de alarma que doutra forma quizais demoraría a consulta e por tanto o diagnóstico desta enfermidade”, explican os médicos que o levarán a cabo.

A xustificación da posta en marcha deste tipo de proxectos no medio rural vén dada, segundo os impulsores, “porque a poboación rural, cada vez máis envellecida e dispersa, necesita das mesmas oportunidades e recursos en canto a saúde, que aquela que vive en zonas urbanas e ten maior

acceso aos servizos. É por iso, que debemos ser máis proactivos nestas zonas. A nosa sensación é que a Administración non fomenta para nada que este tipo de proxectos poidanse levar a cabo en Atención Primaria e moito menos en zonas rurais”.

A situación actual na que se atopa a Atención Primaria tampouco axuda. “O tempo que os facultativos poden dedicar a realizar proxectos de investigación vese cada vez máis reducido polas esixencias asistenciais, o déficit de médicos e os contratos temporais, que fan moi difícil poder adaptarse e coñecer profundamente unha cota de pacientes”, apuntan os autores do proxecto.

## EN BREVE

**FESTA DOS NENOS.** Xa están preparando para o domingo día 18 de xuño a Festa do día dos Nenos, que este ano será en Castro de Rei e na que os máis cativos e os rapaces poderán desfrutar, como xa é tradicional nesta celebración, de xogos e outras actividades. O horario da festa será dende as 16.00 h ata as 19.00 h na carballeira ou, se o tempo non o permite, no pavillón do CEIP Ramón Falcón. Están previstas actividades de inchables, maquillaxe, globoflexia e tiro con arco, todas elas de balde e sen inscrición previa.

**RESIDUOS.** Castro de Rei procederá o día 14 de xuño á recollida de enseres domésticos voluminosos porta por porta. Os interesados no servizo deberán chamar previamente ó teléfono 982 314 034 para informar dos enseres a recoller indicando nome, dirección e teléfono de contacto. A recollida realizarase a partir das 8.00 horas de forma domiciliar, debendo estar depositados os enseres en lugares accesibles para a súa carga co camión pluma. Os camiións non entran nas fincas, polo que deben deixarse os enseres na pista de acceso ou preto do conector correspondente.

OFERTA FORMATIVA

**01 ESO**

**02 ESA (ESO para adultos)**

**03 FP BÁSICA**

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

**CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO**

- Electromecánica de vehículos automóviles
- Sistemas Microinformáticos e Redes
- Soldadura e Caldeiraría (FP Dual)

**05 CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**

- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial (FP Dual)
- Desenvolvemento de aplicacións web (FP Dual)

**06 ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS**

- Inglés todos os niveis

Cursos de Certificación A2-C1  
Curso Semipresencial B2  
Clase de Conversa Básica  
Clase de Conversa Intermedia

**07 AULA DE EMPRENDIMENTO**

(coa finalidade de impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas a potenciar o emprendemento e o autoemprego)

Rúa José María Penabad López s/n  
15320 As Pontes (A Coruña)  
Teléfono 881 93 00 01

**IES Plurilingüe Castro da Uz**

[ies.castrodauz@edu.xunta.gal](mailto:ies.castrodauz@edu.xunta.gal)  
<https://www.facebook.com/iescastrodauz>  
<https://www.instagram.com/castrodauz/>  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>

## O persoal leva a Capsa a xuízo por incumprimento

Traballadores e traballadoras de Corporación Alimentaria Peñasanta (Capsa) concentráronse en Lugo, coincidindo co acto de conciliación no SMAC pola demanda presentada contra a empresa por incumprimento das garantías salariais do convenio colectivo. A conciliación rematou sen acordo polo que agora o proceso de reclamación continuará na vía xudicial.

O secretario comarcal da FGAMT-CIG, Christian López, rexeita a "actitude ruín de Capsa que se nega a cumprir coa cláusula de revisión dos salarios conforme ao IPC real recollida no convenio colectivo, como vía para garantir o mantemento do poder adquisitivo". Neste senso, apunta que a empresa aplicou nas táboas o incremento acordado para 2022 pero fica pendente de aplicar a diferenza co IPC final dese ano.

## O BNG reclama datos da sentenza de Asogal

"Unha vez máis, o alcalde esconde a información ao BNG cando non quere que a veciñanza saiba o que está a acontecer no Concello", afirman dende o Grupo Municipal do BNG, que solicitou no pasado mes de marzo unha copia do escrito que Asogal presentara para executar unhas sentenzas que de xeito reiterado lle gañou ao concello de Outeiro.

"A nosa sorpresa foi que pasado xa dous meses das reiteradas solicitudes, e sabendo que teñen 5 días para darnos esa información, aínda non se nos subministró ese escrito neste momento", explican.

Afirman que isto obrigou ao Grupo Municipal do BNG a acudir ao xulgado para obter esa información e, ademais, solicitar amparo pola vulneración dos nosos dereitos fundamentais, demanda que foi admitida

a trámite e que nestes momentos se está a investigar.

"Dende o BNG non pararemos ata que se recoñeza o dereito que temos a ter esta, ou calquera outra información, que interese á veciñanza, chegando a onde faga falta para conseguilo", continuou explicando o concelleiro do BNG.

Explican que durante o ano 2014, "após de que moitos veciños tivesen xa que pagar un sobrecusto nas súas vivendas e devolver axudas públicas, o alcalde informaba, con sentenzas sen ditar, que só faltaba conectar a luz do alumeadado".

Anos despois da última derrota no Supremo, Asogal pide a execución desas sentenzas. "O Concello non só non lles comunicou esa circunstancia ás persoas interesadas, senón que tamén llo oculta ao BNG", di.

## O Mitma licita a obra da glorieta da N-VI

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) licitou, por importe de 449.890 euros (IVE incluído), as obras de Mellora de seguridade viaria mediante implantación de glorieta na intersección do km 513,670 da N-VI, no termo municipal de Outeiro de Rei. Proximamente publicarase no Boletín Oficial do Estado (BOE) o anuncio correspondente.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual intersección en T da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, mellorando a súa funcionalidade ao resolver de forma

máis adecuada os importantes movementos de xiro existentes.

Tamén se mellorará a seguridade viaria, permitindo acougar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta.

Así mesmo, contémplese a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Con esta reforma, mellorarase a seguridade viaria do tramo facilitando todos os movementos.

## Penas de Rodas fará o 18 a Romaxe

A LXIII edición da Romaxe de Penas de Rodas terá lugar o domingo 18. Esta popular xuntaza ten lugar na localidade de Gaios, en Outeiro de Rei, cunha programación variada con xogos infantís, música, baile e moitísimas sorpresas.

A programación dará comezo ás 11.00 horas coa celebración dun partido e fútbol mentres que sobre o mediodía abrirase a III Feira de Artesanía á que seguirá o pregón de Francisco Fernández Montes.

As actuacións musicais comezarán coa sesión vermú, que estará a cargo do trío Zafiro.

O acto central é o xantar campes-

tre, que dará comezo ás 15.00 horas seguido da actuación de maxia de David Méndez López dentro da programación cultural da Vicepresidencia da Deputación, prevista para as 17.30 horas. Xa antes, haberá exhibición de tiro con arco a cargo da Escola Lucense.

Ás 18.30 haberá unha representación da Escola de Teatro de Penas de Rodas para pechar, ás 19.30 horas, a Feira de Artesanía. Pero a celebración no remata aí, xa que ás 20.00 está previsto unha nova actuación do trío Zafiro. Durante a xornada estarán á venda pan, empanadas, polbo e churrasco e haberá tamén servizo de bar.



## Final do certame de videopoemas



Sara Espiño Vaamonde, do IES nº1 da Estrada, co videopoema No craustro, e Andrea Fernández Prieto, do Colexio Esclavas da Coruña, co videopoema Tristura, son as gañadoras da VIª edición do Concurso de videopoemas sobre

composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. Os premios foron entregados durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei e no que se expuxeron os traballos finalistas.

Rúa Campo de Puenta 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

**MOBELRIAS**

Descubre as novidades na tenda

**PLAmoble** Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

## Acusan á Xunta de atrancar o inicio dos traballos en Caldaloba

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, denunciou os obstáculos que a Xunta está a poñer para que a área de Cultura execute os traballos de consolidación e estabilización previstos na Torre de Caldaloba.

Trátase dun proxecto orzamentado en 41.200 euros, que prevé actuacións para conter o deterioro na edificación e asegurar o seu entorno máis inmediato. Ao tratarse dunha intervención nun Ben de Interese Cultural, a área de Cultura solicitou á Xunta de Galicia permiso para realizar as obras. A solicitude, que se tramitou o pasado 23 de febreiro, non tivo resposta.

Maite Ferreiro explicou que “desde o momento en que tomamos a iniciativa para incorporar a Torre de Caldaloba ao patrimonio público, a Xunta de Galicia non fixo máis que poñer paus nas rodas. Unha vez se adquiriu a propiedade por parte da Deputación de Lugo, anunciaron

que exercerían o dereito de retracto en favor do Concello, pero sete meses despois seguimos sen ter noticias. E tampouco facilitan que se poidan levar a cabo os traballos necesarios para asegurar a Torre”.

O proxecto recolle diferentes actuacións sobre as fachadas Noroeste e Suroeste da Torre do antigo castelo de Vilaxoán. Os traballos previstos consisten na limpeza de vexetación nas dúas fachadas e na coroación dos muros de cachotería mediante a retirada manual de plantas e raíces; na substitución e reparación dos elementos de cimbra de madeira do interior da Torre, na recolocación ou substitución da cuberta de chumbo instalada en 1998 e na inxección de morteiro de cal sobre muros e fábricas de ser necesario.

A Deputación é propietaria dunha das parcelas nas que se ubica a Torre, preto de 2 hectáreas de terreo que inclúen a metade da edificación.



**DOAZÓN.** A biblioteca rural San Martiño de Pino acolleu o acto de doazón de 200 exemplares da obra e da biblioteca de Darío Xohán Cabana, destes últimos 60. A familia manifestou a súa intención de facer esta doazón xa que se trata dunha iniciativa diferente, moi do gusto do autor falecido.

## A Asociación de Pino celebrará o sábado 17 a festa do Lume Novo

A Asociación cultural San Martiño de Pino celebrará o sábado 17 de xuño a tradicional festa de Lume Novo na Veiga de Porto.

Esta xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne seguida da sesión vermú amenizada co Dúo Suso. Xa pola tarde ás 16.30 horas será a actuación do grupo de Pandereteiras de Caldaloba e o espectáculo de maxia de globoflexia con Elisa e Ian. Farase o acendido da cacharela antes da cea e porá a nota musical e o peche final da festa o Dúo Suso de novo.

Haberá un xantar a cargo do bar Rochela a base de xamón cocido, polbo, churrasco, bebidas, sobremesa e café, así como na hora da cea poderase desfrutar tamén de paella, bebidas, sobremesa e café. Para poder asistir é necesario anotarse previo pago ante calquera membro da directiva antes do 11 de xuño. O prezo para os socios é de 40 euros e para os que non o sexan 50 e os pequenos de 7 a 11 anos pagarán 20 euros.

**CONCURSO.** A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño convoca unha nova edición do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do III Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia da Torre.

O Certame de Caligramas Constanza de Castro ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira,



ademais de promover a creación artística. O obxectivo será crear debuxos con textos.

Neste concurso poderán participar todos os maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. Para os menores de 12 anos está previsto o I Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba con formato e temática libres.

O prazo de presentación para ambos rematará o 8 de outubro e esta farase no correo electrónico [asociacionpino@gmail.com](mailto:asociacionpino@gmail.com) que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante.

O premio consistirá en senllos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo no caso dos caligramas e diploma e lote de material de debuxo para os pequenos. Os premios repartiranse durante a celebración dunha nova edición do Magosto Cal da Loba pero o fallo do xurado darase a coñecer con anterioridade, o 28 de outubro.

### EN BREVE

**ITV.** A unidade móbil da ITV agrícola estará entre os días 13 e 29 de xuño en Cospeito para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os venres, que será só de mañá. A unidade móbil estará situada os días 13 e 14 no campo da festa de San Roque, en Arcillá; o 15 e 16 no campo da festa de Pino; entre o 19 e o 22 no recinto feiral de Feira do Monte; o 26 e 27 de xuño trasladarase ao campo da festa de Veiga de Pumar, e rematará entre o 28 e o 29 de xuño no polígono industrial de Muimenta.

**CURSO.** A Asociación Aquilino Iglesia Alvariño organiza unha xornada informativa sobre pragas emerxentes, que estará a cargo de Lolo Andrade, especialista en pragas, un dos maiores expertos de Galicia na loita contra a avésa asiática. Será o sábado 10 de xuño ás 10.00 horas no local social do Centro Médico. As inscricións teñen un prezo de 10 euros para persoas socias e 15 euros non socias e poden facerse na Mercería Teresa ata o 9 de xuño.

**FESTIVAL.** As anpas dos colexios de Muimenta, Castro de Rei, Feira do Monte, Meira, Pastoriza e Bretoña únense para celebrar un festival infantil co obxectivo de recadar fondos para a loita contra o cancro. Será o 17 de xuño a partir das 11.00 horas no recinto feiral Manuel Vila de Muimenta. O programa do día arrancará coas actuacións musicais e de danza dos nenos e nenas das anpas colaboradoras. A orquestra Acapa Show será a encargada da sesión vermú e de amenizar o xantar. Na sesión de tarde continuará a festa con 3 colchóns inchables, a Varredora e o Humor Amrillo. Tamén haberá Festa da escuma e unha merenda.

## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

Parking gratuito

clínica **TEST** dental

## O San Xoán comezará coa Festa da Xuventude

O San Xoán de Guitiriz xa ten listo o seu programa de festas que este ano terán lugar entre o 23 e o 25 de xuño cunha programación que organiza a asociación Ecce Homo en colaboración co Concello, a Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle e o colectivo empresarial. As festas iniciaranse polo tanto o día 23, venres, coa celebración da II edición da Festa da Xuventude, que xa tiña anunciada a organización para a noite da fogueiras.

Os actos darán comezo cun pasarrúas de Sons da Aldea e a sardiñada gratuita a partir das 21.00 horas para dar inicio ás 22.00 horas á festa que se celebra coa participación do grupo Assia con Elation e Celso Bayo & Iván Estévez, aka DJ Galvi.

O sábado 24, día grande da celebración, terá lugar o pasarrúas ás 10.30 horas co grupo Sons de Aldea, e os Mariachis Estampas de México.

Ao mediodía, sobre as 14.45 horas será a sesión vermú coa orquestra Compostela deixando para a noite



a actuación do grupo La última lección, xunto á mesma orquestra da sesión vermú.

O domingo continuará a programación con máis pasarrúas a cargo novamente de Sons da Aldea e os mariachis para deixar a sesión vermú ao cargo de Trébol e a verbena co mesmo grupo máis Beatriz.

A animación nas rúas non faltará e estará a cargo dos locais Grupo Municipal de Gaitas de Guitiriz, Gurpo da UNED Sénior, Banda de Música do Concello de Guitiriz e as pandereteiras Na Casa Zoqueiro.

## O Concello amplía a cobertura do programa de conciliación familiar

O Concello ampliou as idades do seu programa de conciliación familiar para as vacacións de verán, que ten o obxectivo de axudar a conciliar a vida laboral e familiar facendo especial fincapé naquelas familias que estean nunha situación de maior vulnerabilidade.

Esta actividade, que terá como punto de encontro o CEIP Lagostelle principalmente, está dirixida a nenos e nenas nados entre os anos 2011 e 2019, é dicir, toda a educación infantil e primaria. Desenvolverase en catro quendas: a primeira do 1 ao 15 de xullo, a segunda do 16 ao 31 de xullo, a terceira do 1 ao 15 de agosto e a cuarta do 16 ao 31 de agosto.

Establecéronse dous horarios diferentes, o ordinario será de 10 a 14 horas e está dirixido só a nenos e nenas nados entre o 2011 e o 2019, e un extraordinario, que será a partir das 8.30 horas para todas aquelas familias que precisen unha xornada máis ampla.

O prazo para anotarse remata o 20 de xuño e poderá formalizarse a inscrición de xeito telemático, a través

da sede electrónica, ou presencial na casa do concello. Darase prioridade a aquelas familias nas que os proxenitores estean a traballar e tamén ás familias empadroadas en Guitiriz, ou en situación de especial vulnerabilidade.

O prezo xeral por cada quenda é de 30 euros e o incremento para acudir en horario extraordinario será de 15 euros por quenda, podendo anotarse a todas as que se precisen. Ademais, haberá bonificacións por razóns sociais ou benéficas.

**TARDES DE LECER.** Tamén aposta outro ano máis, durante o mes de xuño, polo ciclo de actividades Tarde de Lecer, dirixidas aos nenos e nenas de educación primaria. Esta programación cultural e de conciliación constará de 4 actividades ao longo do mes de xuño e terán lugar CEIP Lagostelle, os martes e os venres en horario de 15.15 a 16.45 horas.

A programación arrancou o 6 de xuño e continuará o 9 de xuño coa actividade *Que mercamos en Gui-*

*tiriz?* A seguinte semana, o 13, será a vez de *Eu mo guiso, eu mo como*, obradoiro sobre produtos locais para finalizar o 16 con Pasapalabra.

**SAÚDE.** Guitiriz acollerá dous obradoiros de Uso axeitado de medicamentos e Hixiene, prevención e eliminación de úlceras, que forman parte da Escola Galega de Saúde Para Cidadáns. Levaranse a cabo na Casa Habanera, sempre ás 17 horas. O primeiro será o de Uso axeitado de medicamentos (martes 13 de xuño), orientado a saber como actúan os medicamentos, as súas contraindicacións, a automedicación, os antibióticos... e o de Hixiene, prevención e eliminación de úlceras (martes 27 de xuño), no que se falará do coidado da pel e dos pés, as úlceras por presión, mobilización do/a dependente, tipos de incontinencia, fortalecemento do solo pélvico, etc.

As inscricións deben formalizarse antes da data do curso. As persoas interesadas en participar poden solicitar axuda para inscribirse no departamento de Servizos Sociais.

## Convocan de novo o concurso do Festival de cine de Roca

A asociación Xermolos e os veciños de Roca organiza unha nova edición do concurso de curtametraxes do Festival de cine de música de Roca, que vai ter lugar os días 6 e 9 de xullo na aldea de Roca, en Guitiriz.

Hai dúas categorías, unha de curtametraxes galegas e outra de fóra de Galicia, cun premio en metálico en cada categoría de 100 euros e un trofeo a cargo dun artesán da comarca. Neste certame o importante é a temática musical das curtametraxes, que é o que caracteriza o festival.

O prazo de presentación está limitado ao 26 de xuño.

## Parga modifica a normativa pola epidemia de lingua azul

A Feira de Parga estreou novidades por mor da epidemia da lingua azul e do expediente aberto a raíz da entrada na feira de dúas reses de ovino de zonas prohibidas.

Así, o mercado de ovino e caprino será en horario de 8.00 a 12.00, quedando prohibida a entrada antes de esa hora ao gando.

Realízase un control dos animais que entren ao recinto para garantir que todos proceden de zonas libres de lingua azul e teñen a correspondente documentación sanitaria en regra. Este control extenderse á

feira de porcino. Ademais, lembrande a organización da feira, as autoridades sanitario/veterinarias da Xunta así o esixen e lembran que nos seus controis poderan estar acompañados de axentes dos corpos e forzas de seguridade.

“E compromiso desta directiva e de todos e todas os comerciantes e compradores de gando o estrito cumprimento das normas a fin de poder manter a nosa feira aberta e que todos e todas poidan vender e mercar os produtos con total garantía”, subliñan desde a directiva.

## O certame Vilariñas xa ten novos gañadores

O xurado dos premios do Certame Vilarinhas 2023 fixo públicos os gañadores na categoría adultos, así como os da escolar, na súa primeira edición. O fallo dase a coñecer durante a celebración do Día das Letras Galegas.

Así, na de adultos o primeiro premio foi para Susana González Lago e o segundo para Víctor Echevarría Bastos (Fazideias).

A escolar dividiuse en dúas categorías. No IES Díaz Castro de Guitiriz os premios foron para Darío López López na de 12 a 15 anos e

Lía Santamariña Iglesias na de 15 a 18. No IES Basanta Silva de Vilalba Helena Hang Fernández Quintela gañou na categoría para menores de 15 e Antía López Martínez na de maiores.

A categoría do CEIP Lagostelle de Guitiriz vai fora de concurso e as Vilarinhas deste centro serán expostas na Casa Habaneira de Guitiriz no III Festival de Poesía Guitirica.

As do resto de categorías serán expostas dentro das actividades do III Festival de Poesía Guitirica, entidade encargada da organización.



**MANIFESTACIÓN.** Os traballadores e as traballadoras da área de servizo de Galp na A-6 en Guitiriz volveron concentrarse en varias xornadas para rexeitar a política de acoso e represalias aplicada pola empresa e reclamar a readmisión do compañeiro injustamente despedido. O secretario comarcal da FGMAT-CIG, Christian López, alerta que o persoal deste centro de traballo “está sendo o branco de distintas represalias, así como de vulneracións en materia de dereito á confidencialidade e á intimidade”.



## Licitan as obras viarias en catro parroquias e os xogos de Roupar

O Concello de Xermade e a Deputación de Lugo asinaron un convenio interadministrativo de colaboración para a reparación de estradas nos lugares de Roupar, A Touza, Penavaqueira e Lousada.

A Deputación financia esta obra cunha achega de 100.000 euros, e o Concello achega os 19.823,92 euros restantes. O proxecto xa conta coas autorizacións sectoriais necesarias para a súa aprobación e foi aprobado pola Alcaldía o pasado 26 de maio de 2023. A mellora de vias municipais con aglomerado iniciouse no 2022 cun tramo en Rebuxentos, financiada tamén grazas a un convenio coa Deputación, e continuou na Criba, Cabreiros, Candamil e O Aruxo, cun proxecto financiado con fondos propios.

As empresas interesadas teñen ata o 12 de xuño para presentaren ofertas, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

**XOGO.** A Xunta de Goberno Local aprobou dous expedientes de contratación: un proxecto de obras incluído no Plan Único 2022, a área de xogos infantís en Roupar, que se

executará na parcela da reitoral de San Pedro Fiz, e ten un orzamento de licitación de 58.671,30 euros.

Tamén se aprobou a licitación do campamento de verán Xermade Concilia 2023, que terá lugar en Mómán do 24 de xullo ao 11 de agosto de 2023 e será de balde para as familias, coma en anos anteriores. A Xunta de Goberno Local acordou tamén solicitar a subvención da Secretaría Xeral de Igualdade para conciliación, coa que se financiarán os gastos de persoal do campamento.

No punto da orde do día adicado a convenios, aprobouse a addenda ao convenio de colaboración asinado coa Universidade da Coruña para o impulso dos proxectos de rehabilitación das casas reitorais de Xermade e Roupa, motivada pola concesión dunha axuda de 403.000 euros á Reitoral de Xermade para converterse nun Centro Internacional da Torneiría, por parte do Instituto de Transición Xusta. O equipo técnico da UDC, formado polas arquitectas Luz Paz Agrad e Marta Maroño, redactará o proxecto de execución, como paso previo á licitación das obras de rehabilitación deste inmovible.

## Os maiores estrean o proxecto para facer a declaración da renda por videoconferencia

O Concello de Xermade participa nun proxecto enmarcado no Protocolo firmado entre la Axencia Tributaria e a Plataforma de Maiores e Pensionistas que ten a finalidade de facilitar a presentación da declaración do IRPF 2022 a persoas maiores de 65 anos que teñan o domicilio fiscal en Xermade.

Será mediante un servizo de confección de declaracións por videoasistencia, atendido por persoal especializado da AEAT, co soporte do Concello. As persoas interesadas deberán pedir cita, e na data da mesma, acudir á Biblioteca Municipal de Xermade.

A cita pode pedirse nos teléfonos 915 53 00 71 e 901 22 33 44 ou na aplicación web.

A finalidade é facilitar a presentación da súa declaración de IRPF 2022 aos cidadáns maiores de 65 anos (a data 30 de xuño) que teñan o seu domicilio fiscal no concello. Para iso configura-



rase un servizo de confección de declaracións por videoasistencia, que será atendido por persoal especializado da AEAT, co soporte do concello.

As persoas que cumpran as citadas condicións (ser maiores de 65 anos e residir no Concello de Xermade), no momento de petición de cita, apareceralles a opción de acudir a calquera oficina física da AEAT ou de acudir ao Concello para ser atendidas mediante videoasistencia.

## Alberta Lorenzo volve gañar o premio Xermade na Historia

O xurado do IX Premio de Investigación Xermade na historia outorgou o primeiro premio á obra *Realidade demográfica e socioeconómica de Xermade no século XVIII: O papel da muller*, presentado por Alberta Lorenzo Aspres, doutora en Arquitectura pola Universidade de A Coruña. Conforme coas bases do certame, o premio a conceder é de 2.000 euros.

Alberta Lorenzo foi a gañadora do premio Hume de investigación no ano 2021 e tamén recibiu este mesmo galardón o ano pasado.

O xurado acordou tamén declarar deserto o segundo premio, dotado con mil euros.

O xurado do Premio de Investigación Xermade na historia estivo composto por Roberto García Pernas, alcalde do concello de Xermade como presidente; José Manuel Felpeto Carballeira, presidente da Asociación de veciños de Cabreiros; os profesores María López Sande e Josefa Rey Castiñeira e María Luisa Barreiro Mejuto, presidenta do Ilesha, como especialistas.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE **FRIOL**

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

## Begonte contará con escola infantil no proxecto do PAI

O alcalde de Begonte, José Ulla, e a arquitecta municipal, Soledad Dorado, mantiveron un encontro en Santiago co director xeral de Familia, Jacobo Rey, e o equipo técnico da Consellería de Política Social, para abordar a adaptación a escola infantil, con 40 prazas dispoñibles de 0 a 3 anos, no proxecto co que xa contaba o Concello para construír un Punto de Atención á Infancia (PAI).

A alta demanda existente levou ao Concello a apostar por transformar o proxecto, para o que recibirá unha subvención de 240.000 euros por parte de Xunta de Galicia, o que duplica o presuposto previsto inicialmente para a instalación. Unha vez realizada a tramitación pertinente para a concesión da axuda, o Concello espera poder adxudicar a obras antes de que

finalice o verán para que poidan estar executadas antes de finais de ano, se todo marcha segundo o previsto.

A escola infantil situarase nos mesmos terreos onde estaba previsto o PAI, unha parcela de titularidade municipal próxima ao CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño, xa que a superficie da mesma permite acometer a ampliación da edificación, unha posibilidade que xa estaba exposta a futuro no deseño inicial.

Así, pártese da mesma idea que xa estaba definida, creando un inmovible de planta única, pero ampliando aquelas dependencias necesarias para que poida operar como escola infantil, con cociña, zona de descanso, aseos e tres aulas independentes, en lugar das dúas previstas inicialmente.

## Un convenio permitirá ao Cercud reparar a cuberta do muíño

A Deputación de Lugo aprobou un convenio de colaboración co Centro Recreativo, Cultural e Deportivo (Cercud) de Baamonde para financiar cunha aportación de preto de 50.000€ a reparación da cuberta dun antigo muíño situado neste espazo natural de lecer.

O presidente da institución provincial, José Tomé Roca, reuniuse con representantes do colectivo para informalos do acordo, que permitirá acometer un proxecto que consiste na retirada da cubrición de lousa, e do entaboadado e a estrutura de cuberta de madeira; na colocación da estrutura e entaboadado de madeira de castaño, conservando as características da edificación existente, aproveitando o material que estea en bo estado e aportando o que sexa necesario, incluíndo o acondicionamento e reparación da coroación dos muros de apoio



da cuberta, así como a reposición da cheminea de pedra; e a cubrición con lousa irregular de iguais características á existente. En todo momento, respectaranse as características da construción tradicional, tanto en relación aos materiais e acabados, como a morfoloxía e a proporción de ocós.

As obras teñen un prazo de execución de catro meses unha vez inicia-

das, e forman parte das actuacións necesarias para acadar o obxectivo do Cercud de converter o antigo muíño nun museo etnográfico do pan e potenciar así este espazo de lecer.

O Cercud de Baamonde foi fundado a finais da década dos 70 co obxectivo da promoción cultural, artística e deportiva, así como para o fomento de actividades de ocio e tempo libre.

## Aprobadas as axudas para os afectados polos asolagamentos

O Concello de Begonte vén de aprobar novas axudas destinadas ás familias afectadas polos asolagamentos de xaneiro.

As cantidades destinadas ás familias irán dende os 500 ata os 1500 euros cun total de catro cantidades diferentes, 500, 750, 1000 e 1500. Neste primeiro reparto serán un total de 13.750 euros os repartidos sen embargo dende o Concello informan que a cifra superará os 15.000 xa que están pendentes da aprobación dunha solicitude a que se lle requiriu documentación complementaria ao

interesado. A maioría dos damnificados, se ben non todos, solicitaron a axuda municipal para a que era necesario presentar unha valoración de danos que foi o utilizado dende o Concello para asignar as cantidades das axudas xunto a outras informacións como estar empadroadado ou dispor de seguro.

Segundo informan dende o Concello o obxecto desta convocatoria é paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas das inundacións producidas no municipio.



**BELÉN.** Coincidindo coa festa dos Milagros de Saavedra, instalouse a quinta das esculturas que nas 19 parroquias van conformar un intanxible Camiño do Belén. A peza, do artista lucense César Lorenzana, é un gran banco de frores, dedicado á Virxe como Dona das frores. A primeira das esculturas foi instalada o pasado Nadal á beira do Belén, reflectindo unhas botas de camiñante.

## Convocan un taller de primeiros auxilios

Begonte acolle un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral que terá lugar na casa da cultura desta localidade o 12 de xuño de 17.00 a 21.00 horas.

Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios.

A docencia estará ao cargo de Marta Fernández López, enfermeira asistencial da Base de Lugo do 061 Galicia.

**SE TANTO A QUERÍAS,  
XA TES A FIBRA QUE MERECEAS**

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

OFERTA  
VECINOS  
LUGO  
NON A DEIXES  
ESCAPAR!



Fibra  
1.000 Mb  
Móbil  
50 GB

**28€**  
/mes  
Durante 12 meses  
44€/MES  
192 € DE AFORRO!



ENGADE  
adamo TV  
TV POR 50  
3€  
/mes  
+100  
canais

**Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu paquete en [adamo.es](https://www.adamo.es)**

Oferta válida para novos clientes que non contrataban Adamo non inferior a 3 meses e que contrataban entre 01/06/2023 e o 23/08/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+ Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só paga os 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVA e taxa de IVA incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVA incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que a oferta suxeita a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVA incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.




abadín

# Regresa o 10 a Festa do Motor

Abadín acollerá o 10 de xuño a segunda edición da Festa do Motor, organizada por un grupo de rapaces de Abadín, que debido ao éxito da primeira edición, decidiron dar nacemento á asociación Abadín Sobre Rodas, principalmente creada para dar funcionamento sobre todo a eventos relacionados con todo o que leve rodas ou motor.

Na primeira edición a festa constituírona todos aqueles participantes que se comprometeron coa festa en pagar un menú de comida previamente pero este ano decidiron dar acceso a todo o mundo por igual sen obligación de que se queden a comer no recinto creando unha entrada de colaboración coa comisión organizadora. A entrada de colaboración terá un prezo de 3 euros que se canxeará por unha pulsera que permitirá o acceso e a saída do recinto todas cantas veces se precise. A partir das 10.00 horas darase a benvinda a todos aqueles participantes que veñan nos seus vehículos para expoñelos nos aparcadoiros reservados para eles. Cada un destes inscritos abonará 10 euros de inscrición na cal inclúense dúas entradas



para dúas persoas por vehículo. Todo aquel que non se preinscriba, poderá acceder aquel mesmo día de 10 a 12 da mañá pero neste caso irase recibindo por orden de chegada ata completar os aparcamentos. Unha vez dentro do recinto dispórase de zonas para desfrutar dunha xornada diferente. Haberá servizo de polbo e churrasco a cargo de Servipulpo e foodtrucks de Olaya e Isabel xunto con Tu Komes. Unha vez aberto o recinto ó público, desfrutárase dunha sesión vermú a cargo do dúo La Mecánica. Remata da esta a música acompañará todo

o día empezando por unha pequena sesión do vilalbés David García.

A partir das 16.30 da tarde Puzzle animación será o encargado de ambientar o recinto e fará un concurso de son dos vehículos participantes.

Unha vez concluída esta proba darase paso á guinda de Abadín Sobre Rodas, que será unha pequena exhibición a cargo dos colaboradores e participantes. Northroads Club de drift, o pequeno piloto lucense Martilabala, con tan só 3 anos, montarase a bordo do seu kart para conquistar ao público e tamén estará o embaixador da primeira edición, o piloto pontés Fran22.

Durante todo o día estará o artista urbano Rubén Paz, do colectivo Trecetrazos facendo unha demostración de arte en directo.

Unha vez rematada esta parte do evento darase paso á entrega de uns premios, para continuar coa verbena co dúo La Mecánica, para concluir co sorteo especial dun vehículo preparado para trackdays, (Honda Civic EG). O desenlace de Abadín Sobre Rodas 2.0 será coa actuación do dj de prestixio lucense Marcos Peón, seguido de dj Zalo e dj David García.

## Aprobado un orzamento de 3,6 millóns de euros

Nun pleno no que o PP votou a favor e o PSOE optou pola abstención o Concello de Abadín aprobou un presuposto de 3,6 millóns de euros para o ano 2023.

Dende o 2019 as contas do municipio estaban prorrogadas e nesta ocasión superan nun millón ás últimas que foron debatidas en Abadín. O alcalde recordou ademais que aínda falta por engadir os cartos do Fondo de Compensación Ambiental, xa que o municipio é un dos que máis axudas reciben mediante o canon eólico.

Dentro deste presuposto, case un

40% do orzamento, 1.422.200 euros irá destinado a investimentos permitindo levar a cabo proxectos importantes para o municipio. Dentro deste investimento atópase a primeira fase de construción da residencia de maiores que contará con aproximadamente 500.000€. A reparación da rede viaria municipal será outros dos proxectos que contará cun gran presuposto e que se realizará con aglomerado. Ademais tamén se realizarán as obras para a substitución da cuberta do pavillón ou para executar a traída na parroquia de Candia.

## A ruta cabalar ao San Antonio será o 10

A asociación de Cabaleiros de Labrada celebrará o 10 de xuño unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da festa de San Antonio de Labrada.

Como colofón da ruta celebrárase un xantar, ás 14.30, no campo da festa servido por Hermanos Debsa deixando paso pola tarde a unha sesión musical a cargo do trío Meringue, que tamén fará unha sesión vermú previamente ao xantar. O prezo do prato, a base de polbo e churrasco, será de 25 euros (10 euros para nenos de 5 a 10 anos).

Como en edicións anteriores haberá sorteos e agasallos para os participantes.



**JRoca**  
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<b>Ronda de la Muralla 75, San Roque - As Fontiñas, Lugo</b> Local   96m <sup>2</sup>	<b>180.000€</b>
En Lugo, concretamente en la Ronda de la Muralla, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados; pero tiene altura de de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 metros cuadrados. El local tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Si le interesase al comprador, también se vende por 4.800 euros más una plaza de garaje pequeña, que está ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.	
<b>Fontiñas, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baños   114m <sup>2</sup>	<b>53.000€</b>
En Vilalba (Lugo), en zona Fontiñas, se vende piso de cuatro habitaciones y sala, dos baños, uno con bañera y otro con ducha, y cocina equipada. Se trata de un piso segundo sin ascensor; pero que es muy luminoso y que se encuentra en las proximidades de la zona escolar y también queda cerca de la senda que baja al paseo fluvial.	
<b>Calle Foz s/n, Vilalba</b> Terreno / Urbano   297m <sup>2</sup>	<b>20.000€</b>
Se trata de un solar en el que se puede edificar: Bajo, 3 plantas y ático.	
<b>Parroquia de Árbol, Vilalba</b> Casa rural   3 Dorm   0 Baño   134m <sup>2</sup>	<b>75.000€</b>
En la parroquia de Arbol, a unos seis kilómetros del casco urbano de Vilalba (Lugo), se vende una vivienda rústica a reformar, fachada en piedra. Además de la casa, se venden otras construcciones que existen en la finca la cual tiene una superficie de 46.000 metros cuadrados en una sola pieza. En el precio se incluyen también, una finca de 25.000 metros cuadrados y otra de algo más de 4.000 metros cuadrados.	
<b>Pravía, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   104m <sup>2</sup>	<b>80.000€</b>
En Vilalba (Lugo), muy centrico, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Se vende con los muebles. Dispone de calefacción de gas ciudad y ascensor. La propiedad también estaría dispuesta a aceptar un alquiler con opción de compra.	
<b>Calle Lameirón, Vilalba</b> Terreno / Urbano (solar)   650m <sup>2</sup>	<b>90.000€</b>
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.	
<b>De Muras 2, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   1 Baño   80m <sup>2</sup>	<b>68.500€</b>
En la localidad de Vilalba (Lugo), en las proximidades de un supermercado, se vende piso amueblado de tres habitaciones y sala, un baño, cocina. Dispone de ascensor, de un trastero y de dos terrazas amplias.	
<b>Placido Peña, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   1 Baño   103m <sup>2</sup>	<b>23.000€</b>
Se vende de piso de 3 habitaciones y sala, cocina y baño. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, con orientación Este-Oeste.	
<b>Alcalde Fraga Bello, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   1 Baño   105m <sup>2</sup>	<b>34.000€</b>
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso de cuatro habitaciones y sala, un baño y cocina. Se trata de un tercero sin ascensor y se vende con la opción de comprar una o dos plazas de garaje, a razón de 6.000 € la plaza.	
<b>José Luis García Mato 1, Vilalba</b> Casa / Chalet adosado   3 Dorm   2 Baños   231m <sup>2</sup>	<b>100.000€</b>
Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.	
<b>Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco</b>	
<b>Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal</b>	
<b>Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)</b>	
<b>Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)</b>	
<b>Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720</b>	
<b>www.rocabogados.info</b>	
<b>www.inmobiliariajroca.es</b>	

# DEPUTACIÓN



## Renovado o convenio con Acruga para a recría de xatas

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega renovou o convenio que mantén coa Deputación de Lugo para a recría de animais puros na granxa Gayoso Castro. A institución provincial destinará 172.000 euros ao ano, durante as anualidades deste 2023, e de 2024, 2025 e 2026, co obxectivo de seguir apoiando á raza autóctona de carne. Este convenio tamén supón unha importante axuda para os gandeiros de raza rubia, aos que a asociación compra as xatas de poucos meses destinadas ao centro de recría da Deputación para, unha vez preñadas, ofrece-las en poxas aos gandeiros que se incorporan á raza ou aos que precisan de máis animais de calidade para a súa explotación. No últimos catro anos adquiríronse desta forma un total de 360 animais de alto valor xenético a criadores de Acruga.

A recentemente acordada renovación supón seguir un camiño que

comezou en 2007 coa firma do primeiro convenio, cando o centro de recría de Castro Ribeiras de Lea comezaba o seu funcionamento cun rabaño pequeno. Desde entón, con altibaixos debidos sobre todo a inmovilizacións do gando por probas de saneamento, a actividade na granxa e a venda de animais en poxas foron constantes, máis se se compara coas vendas e a evolución dos prezos doutras razas de carne a nivel nacional.

A colaboración entre Deputación e Acruga para formar ese denominado rabaño de elite comezou coa celebración de cinco ou seis poxas ao ano, mentres que nos últimos anos foron moitos os concellos da provincia lucense e tamén algún do resto de Galicia os que solicitaron este tipo de poxas coas que dar resposta á forte demanda.

Durante estes anos, non só aumentou o número de poxas celebradas cada ano, senón os prezos medios dos exemplares.

## Invisten 2,1 millóns na mellora de servizos e infraestruturas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un importe que supera os 2,1M€ para a dotación e mellora de servizos públicos e infraestruturas dos veciños e veciñas da provincia, así como o apoio ao sector primario, a través da colaboración cos concellos e co tecido asociativo.

Por unha banda, saíu adiante a licitación das obras para a instalación do alumeadado e a renovación das redes de abastecemento e saneamento da estrada provincial LU-P-4401 ao seu paso polo centro urbano da Pastoriza. Estes traballos contan cun investimento provincial de preto de 340.000€.

A Deputación destinará ao Concello de Meira practicamente 134.000€ para a construción da cuberta da pista de pádel da localidade e 115.000€ ao Concello de Ribeira de Piquín para acometer as obras de humanización e mellora do espazo público contiguo ó Centro de Día e á escola vella en Chao de Pousadoiro.

Gracias á cooperación económica da institución provincial por preto de 100.000€, o Concello de Pedrafita do Cebreiro poderá mellorar a rede de abastecemento en San Pedro de Riorceira; e a seguridade viaria dos accesos ó mercado municipal; ademais de adquirir unha parcela urbana na Avenida de Castela e un equipamento para bombeo de auga en Liñares. Rivera Capón informou así mesmo da aprobación dun acordo co Concello de Trabada a través do que a Deputación aporta 115.000€ para a construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo

do municipio, actuacións de mellora neste mesmo espazo deportivo e a renovación dos servizos da rúa Joaquín Velasco.

Negueira de Muñiz recibirá practicamente 90.400€ de fondos provinciais para mellorar a vía municipal de Carballín a Bustelo.

Por outra banda, a Deputación destinará a Ribas de Sil un investimento de 115.000€ para a adquisición dun edificio na Praza do Ladrillo en San Clodio, a construción dun equipamento municipal para os vehículos do servizo de Medio Ambiente e a pavimentación de vías no núcleo de Nogueira.

O Concello de Ribadeo dispoñerá de 215.000€ para acometer a renovación do pavimento e a dotación de servizos na rúa Manuela Barreiro Pico, afirmou o Deputado, quen tamén explicou que o Concello do Valadouro contará cun investimento de case 100.000€ para acondicionar un aparcamento de autocaravanas, mellorar un camiño en Esteleiro, a pavimentación de accesos a Cabezán e a implementación da Rede LoRa, unha tecnoloxía para mellorar a conectividade no municipio.

**CULTURA.** Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno deu luz verde á achega de 15.000€ para a organización do evento Música Tradicional no Val e, tamén no Valadouro, a mesma cantidade, 15.000€, para a celebración da actividade Febreiro'23: Mes Gandeiro no Valadouro.

Así mesmo, a Deputación colaborará con 40.000€ na celebración do Esmorga Fest e con 15.000€ para o

Festival Vrao, no concello de Foz. Tamén relacionado coa cultura, o Concello de Muras recibirá 31.700€ da Deputación para a celebración da sétima Romaxe Artesá da Chaira, que terá lugar esta fin de semana, e a Homenaxe a Antía Cal.

**SECTOR PRIMARIO.** Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno aprobou colaborar coa Asociación Hijos del Divino Celo Rogacionistas, de Burela, cunha achega de 25.000€ para acometer o acondicionamento, reforma e equipamento dunhas vivendas para dotar á localidade e ao conxunto da Mariña dun espazo para emerxencia social.

Aprobou tamén colaboracións económicas con catro entidades que traballan neste eido. Así, a Sociedade Cooperativa A Carqueixa recibirá 16.000€ para sufragar os gastos da actividade Da granxa ao comedor. A Asociación de Criadores e Criadoras de Ovino e Caprino de Galicia (OVI-CA) contará cun apoio de 22.000€; a Federación Rural Galega (FRUGA), con 39.500€ para un programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos Viños da Indicación Xeográfica Protexida Terras do Navia; e a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta, 18.500€ para sufragar os gastos derivados do programa para implementar a garantía de orixe dos produtos de Porco Celta.

Tamén aprobou a licitación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do río Rato por case 282.000€ e 24 meses, con opción de dúas prórrogas.

**AUTO CRISTAL RALARSA. AUTOCRISTAL JUANES**  
LUNAS PARA VEHICULOS

- REPARACIÓN DE LUNAS
- UNIDAD MÓVIL (LUGO Y PROVINCIA)
- SUSTITUCIÓN DE LUNAS
- TRATAMIENTOS REPELENTES DE AGUA
- TINTADO DE LUNAS DESDE 70€
- PULIDO DE FAROS
- DESINFECCIÓN CON OZONO

Concertado con todas las compañías

**Taller de Lugo**

Marcos Juanes  
Avenida de Ferrol nº35  
Móvil 659 610 470 - Tel. 982 551 026  
27870 Viveiro

www.ralarsa.com      autocristaljuan@gmail.com



**constru fer**

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO  
**PABLO RABADE PAREDES**

# ELECCIÓN

## O pacto PSOE-BNG renova na Deputación

Lograron a mesma porcentaxe de deputados que no 2019 aínda que o PP aumentou o número de votos e ten a maioría relativa

O momento máis intenso da xornada electoral estivo protagonizado polo recuento dos votos para o reparto dos deputados provinciais. Durante a práctica totalidade da noite, os votos daban a maioría ao Partido Popular de forma absoluta. Finalmente, dous erros detectados nunha mesa en Lugo e noutra en Castro de Rei deron a volta á situación deixando ao PP de novo con maioría pero a expensas da coalición PSOE e BNG.

Tanto PSOE como BNG recoñeceron o erro e confirmaron a situación, que tivo que ser revisada pola Xunta Electoral, que ao final fixo un recuento de todos os votos nulos da zona de Lugo, Sarria e Becerreá a petición do PP. Os resultados non cambiaron polo que o PP perde a maioría absoluta por unha escasa marxe. Polo tanto, a situación repítese con relación á anterior lexislatura. O PP contará con 12 deputados, o PSOE con 10 e o BNG con 3. Por partidos xudiciais tampouco haberá cambios, xa que no de Lugo o PP ten o 50% (6), o PSOE 4 e o BNG 2. Nos concellos da Mariña son 3 para o PP, 2 para o PSOE e 1 para o BNG.

Nos distritos de Vilalba, Monforte e Chantada, que teñen dous deputados cada un repártense igual, cun socialista e outro popular. Rompe o equilibrio a montaña, que só ten un deputado e que é de cor vermella. O feito de que a Deputación se manteña igual non ten que ver cos resultados xerais que se produciron ao longo da provincia.

O descenso de votos totais do PSOE

compense coa subida do BNG e o PP, e tamén coa baixada de Ciudadanos. Contamos, o partido que naceu nesta lexislatura para intentar xuntar votos suficientes para conseguir un deputado que servise de chave para formar goberno, non logrou reunir os sufraxios necesarios. No partido xudicial de Lugo foi onde o PP estivo máis preto de lograr o último deputado que necesitaba grazas ao avance que tivo a candidatura de Elena Candia en Lugo. En Chantada tamén estivo preto de levarse os dous deputados en xogo.

**RESULTADOS NA PROVINCIA.** O PP obtivo a maioría en 41 concellos pero non gobernará en todos xa que esa maioría non é absoluta en todos eles, xa que en 10 non a ten. Esta situación prodúcese por exemplo en Lugo, Vilalba, Viveiro, A Pastoriza, Samos ou Barreiros. Nestes casos espérase que se volvan editar os pactos de esquerdas para facerse coas diferentes alcaldías.

O PSOE ten a maioría absoluta en 17 e en 4 foi a lista máis votada e tamén dependerá de pactos.

Entre a marea de PP e PSOE tamén hai varias illas, como as do BNG, que obtivo a maioría absoluta na Pobra de Brollón e foi a lista máis votada en Muras. Tamén en Becerreá Contamos obtivo a maioría pero perdeu o control total do consistorio e Sarria Camiña volveu ser a lista máis votada. Ambos quedan pendentes tamén de posibles pactos.

A cuarta forza a nivel votos na provincia sería Contamos, con 4.589



### LUGO



### MONDOÑEDO



### VILALBA



### MONFORTE




### CHANTADA



### A FONSAGRADA



sufraxios. Os que quedaron fóra das corporacións na provincia foron Ciudadanos, con 1.699 votos; VOX, con 1481 e Podemos que se achegou aos mil.



**Clínica Médica  
San Ramón**  
• En Vilalba •

- REVISIONES Y LIMPIEZA DEL OÍDO (CERÚMEN)
- PRUEBAS GRATUITAS DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO
- FINANCIACIÓN A SU MEDIDA SIN INTERESES
- AUDÍFONOS CON SÚPER GARANTÍA DE 5 AÑOS

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo

**AUDÍFONOS SIEMENS**  
A MEDIDA  
CON PILAS O RECARGABLES

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu  
automóvil necesita!

**Reparaciones Carlos, S. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpnelas@bosch-bcs.com

# Todas as opcións abertas

A popular Sandra Vázquez foi a lista máis votada tras sumar un concelleiro e está pendente dun pacto entre PSOE, Vilalba Aberta e BNG, que entra na corporación

O PP volveu ser este ano a lista máis votada tras estes catro primeiros anos de goberno socialista. Un partido renovado, con Sandra Vázquez á fronte, recuperou parte do seu electorado pero non chegou a sumar a maioría absoluta que necesita para gobernar. En números absolutos o grupo popular recibiu 500 votos máis e pasou de contar co respaldo do 38,8% ao 45,8%.

O outro grupo que crece é Vilalba Aberta, que suma tamén un concelleiro máis, e xa son tres baixo a dirección de Modesto Renda. Gañou outro medio milleiro de votos e pasou a ter preto do 20% dos sufraxios.

O BNG, que lidera nesta ocasión Constantino Alvite Muinelo, recupera o concelleiro que perdeu no 2019.

O gran damnificado das eleccións do 28 de maio foi o PSOE. Logo de gobernar durante catro anos en maioría relativa, tras un primeiro



acordo de goberno con Vilalba Aberta, que se rompeu durante a pandemia, cae dos 8 aos 5 concelleiros. Perdeu uns 1.500 votos absolutos e pasou de ter o 43,45% ao 25,97% do apoio.

Con estes datos a Alcaldía de Vilalba segue no aire. Por unha banda, o PP reclama que sexa a lista máis votada a que governe, para o que tería que ter o apoio dalgún dos tres partidos. A segunda opción que se manexa é que todos os grupos de esquerdas cheguen a un acordo.



Esta solución non é doada xa que PSOE e Vilalba Aberta xa convenían no 2019 pero non se mantivo e agora, co BNG na ecuación, sería moito máis complicado. Ademais quedaría a dúbida de quen ostentaría o bastón de mando final, xa que Modesto Renda considera desgastado ao PSOE pola caída de votos e aspira a ocupar ese lugar polo incremento de sufraxios cos que finalizou a sesión.

Polo tanto, todo queda aberto para constituír goberno, que ten como data final o 17 de xuño.

## Concelleiros

- ◆ Sandra Vázquez Domínguez (PP)
- ◆ Álvaro Fraga Castro (PP)
- ◆ Paula Gesto Díaz (PP)
- ◆ Daniel Orosa Pico (PP)
- ◆ Sandra López Rodríguez (PP)
- ◆ José María García-Leira Boado (PP)
- ◆ Patricia Teijeiro Álvarez (PP)
- ◆ José Franco Criado (PP)
- ◆ M<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández (PSOE)
- ◆ Marta María Rouco Seoane (PSOE)
- ◆ Eduardo Vidal Baamonde (PSOE)
- ◆ Paula Vigo Lamas (PSOE)
- ◆ Luis Fernández Álvarez (PSOE)
- ◆ Modesto Renda Santiso (VA)
- ◆ María Xosé Fernández Pardo (VA)
- ◆ Tamara Rodríguez López (VA)
- ◆ Constantino Alvite Muinelo (BNG)



De arriba a abaixo, Sandra Vázquez, Elba Veleiro e Modesto Renda



## as pontes

# Formoso revalida a absoluta

Volve ter a lista máis votada con moita diferenza, aínda que con menos marxe, nos primeiros comicios trala perda de asentos polo descenso poboacional

As Pontes seguirá a ser un bastión socialista catro anos máis logo dunha nova vitoria por maioría absoluta de Valentín González Formoso.

A perda de poboación obrigou á Corporación a conformarse con catro concelleiros menos polo que a comparativa cos anos anteriores é moi diferente. A maioría segue sendo vermella pero cae o número de votos totais aínda que asegurou a absoluta de forma clara.

Soben tamén as outras forzas, axudadas pola desaparición dos partidos independentes.

O BNG segue a ser a forza máis votada e ten un concelleiro máis tras unha intensa campaña da debutante Carmela Franco, que fundamentou o seu traballo en reunións constantes. Tamén dobra o número de deputados o PP, que tiña 1. Á fronte do mesmo está María del Carmen Dopico, outra cara nova na corporación das Pontes.

Pasou factura á localidade o peche da central e tamén a perda de poboación que deixou unha composición de corporación moi diferente.

Polo momento non hai moitas dúbidas, o que é o presidente da Deputación da Coruña e tamén secretario xeral do PSdeG volverá dirixir os destinos dos ponteses catro anos máis e farano apoiado por un equipo no que se manteñen a maior parte deles e onde o peso das mulleres é maior á dos homes.

Para o alcalde socialista entre os plans de futuro figura primeiro o desenvolvemento de chan industrial, a continuidade en todo o que ten que ver co desenvolvemento urbanístico da vila, a aprobación do Plan Xeral, pensando sobre todo no rural. Poucos días antes da campaña anunciouse a construción dunha residencia de maiores, un dos eixes do seu programa electoral. Co convenio xa firmado, a obra é inminente.



## Concelleiros

- ◆ Valentín González Formoso (PSOE)
- ◆ Ana María Pena Purriños (PSOE)
- ◆ Elena Lopez Seco (PSOE)
- ◆ Roberto Rivera Rego (PSOE)
- ◆ Antonio Alonso Román (PSOE)
- ◆ Tania Pardo Cabarcos (PSOE)
- ◆ Lorena Tenreiro Blanco (PSOE)
- ◆ Carmela Franco Caaveiro (BNG)
- ◆ Francisco da Silva Vello (BNG)
- ◆ María Jesús Romero Franco (BNG)
- ◆ Diego Balsa Bellas (BNG)
- ◆ M<sup>a</sup> Carmen Dopico Rodríguez (PP)
- ◆ Fernando Vilaboy Ledo (PP)



Valentín González Formoso, alcalde das Pontes, votando o domingo 28



# O PSOE revalida in extremis

Un erro no escrutinio arrebatoulle provisionalmente a maioría a Marisol Morandeira, pero as actas confirmaron unha nova vitoria esa mesma noite


Marisol Morandeira encadeará a segunda maioría absoluta consecutiva logo de vencer por unha pequena marxe tras un susto inicial no que por erro confundíuse o número de votos do PSOE e do BNG nunha mesa, o que significaba que a maioría desaparecía. Ao final, a revisión das actas, que confirmou días despois a Xunta Electoral, deixaron ao PSOE de Guitiriz de novo á fronte da Alcaldía. Morandeira subiu unha vintena de votos con respecto ao 2019 e continuará a ter a mesma representación, 7 concelleiros. Cae en número de votos o PP de José Manuel López Rodríguez, que perde un concelleiro pasando de 5 a 4 e tamén preto de 300 votos. Mellora moito o BNG que nesta ocasión está liderado por Mónica Roca Ares, que malia a confusión inicial gaña un concelleiro, aínda que nun principio e polo erro se lle atribuíron 2 máis. Os datos non ofrecen dúbida para o liderado de Morandeira que au-

mentou os votos. O PSOE xa celebrou a vitoria na noite electoral malia que ata a revisión da Xunta Electoral os datos seguiron sendo favorables aos socialistas. Para Morandeira, os eixes do seu proxecto baséanse en “seguir a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e continuar cos proxectos iniciados, como a ampliación do centro de día e do PAI ou a construción do centro de maiores”. Tamén aposta por seguir mellorando o turismo. “A reapertura do balneario, polos postos que vai crear vai axudar a poñer en valor o patrimonio cultural e natural que temos”. No eido dos deportes afirmou que “imos traballar para consolidar todas as iniciativas que se puxeron en marcha”. “Como fixemos ata agora, a nosa política e a nosa forma de gobernar estará centrada no social, nas persoas, en facer melloras e investimentos para cambiar para ben o seu día a día”, dixo.



## Concelleiros

- ◆ M<sup>a</sup> Sol Morandeira Morandeira (PSOE)
- ◆ Paula Campo Barral (PSOE)
- ◆ Iván Morado Corral (PSOE)
- ◆ Carlos Plácido Buján López (PSOE)
- ◆ María del Pilar Vázquez Ares (PSOE)
- ◆ Ramón Rivas Villares (PSOE)
- ◆ Sofía Sánchez Miragaya (PSOE)
- ◆ José Manuel López Rodríguez (PP)
- ◆ Alexandre Losada Buide (PP)
- ◆ M<sup>a</sup> Margarita Pereira López (PP)
- ◆ María Guadalupe Prado Tomé (PP)
- ◆ Mónica Roca Ares (BNG)
- ◆ Alfonso Losada Rodríguez (BNG)



Celebración da vitoria do PSOE de Guitiriz

# Balado mantén o bastión

O alcalde de Castro de Rei aumenta a maioría absoluta para o Partido Popular sen problemas mentres o PSOE perde un concelleiro e o BNG mantense

Castro de Rei seguirá sendo máis popular. Así o dixeron as urnas, onde o electorado foi fiel a Francisco Balado, que mantén o volume de votos e incluso incrementa un pouco a porcentaxe, que é do 65,5%. Sen embargo, este foi un dos concellos onde a Xunta Electoral tivo que pronunciarse xa que un erro na transcripción de datos deu máis votos ao BNG dos que lle correspondían e o PP mantiña a representación. Ao revisar todo a última hora da noite electoral déronse conta do erro e aplicando a lei os datos deixaron ao PP como gañador cun concelleiro máis, que foi o que perdeu o PP e o BNG mantén o único representante que tiña. O erro aconteceu nunha mesa en Ponte de Outeiro, onde votan veciños de Pacios e Bazar. A confusión foi cun lote de 24 votos que realmente tiña o BNG e se lle atribuíron ao PSOE e os 140 que eran socialistas. Arranxado o erro,



## Concelleiros


- ◆ Francisco J. Balado Teijeiro (PP)
- ◆ Roberto Lorenzo Fernández (PP)
- ◆ Víctor Carrera Puente (PP)
- ◆ Laura Campo Fernández (PP)
- ◆ María Josefa López López (PP)
- ◆ José Rielo Losada (PP)
- ◆ José Luis García Barja (PP)
- ◆ Marisol Gigán Díaz (PP)
- ◆ María Edita Sinde Basanta (PP)
- ◆ Alba Sinde Paz (PSOE)
- ◆ José Luis Castro Tellado (PSOE)
- ◆ María Josefa Folgueira Lage (PSOE)
- ◆ Olga García Portela (BNG)

e facendo unha comparativa, o PP segue subindo, no en votos absolutos pero si en porcentaxe. O PSOE caeu un pouco, por medio cento de sufraxios, e o descenso do BNG chega ata os cen votos. Desde que Francisco Balado se presentou aos comicios no 2011 leva encadeando vitorias cunha importante vantaxe sobre o resto e isto vai continuar catro anos

máis. O futuro alcalde avanzou como principais liñas programáticas impulsar a creación de máis solo industrial no parque de Castro Ribeiras de Lea e o incremento da participación en plans integrados de emprego, aumentando con elo a elevada cifra acadada neste mandato de persoas empregadas nas industrias asentadas.



Francisco Balado, diante da casa consistorial de Castro de Rei



# Sen cambios para Pardo


O alcalde mantén a súa clara maioría absoluta de 9 concelleiros, a mesma que tiña no 2019, e o BNG segue a ser a forza da oposición máis votada con 3

Nada cambiou en Outeiro de Rei nestes comicios municipais. O alcalde da localidade, o popular José Pardo Lombao, mantén a súa maioría absoluta coa mesma porcentaxe que no 2019 e no resto de partidos non muda tampouco a cousa.

De feito, seguen tamén os mesmos cabeza de lista que en anteriores comicios.

Así, Outeiro de Rei destacou por unha máis alta abstención, dato que se ve máis pronunciado en concellos máis poboados. Presentáronse novamente catro partidos e IDOR volveu quedar fóra con 195 votos e o 5,88% do escrutinio. A proposta de Pardo Lombao foi a máis votada, levándose o 60%.

José Pardo Lombao, gandeiro de profesión, incorporouse á actividade política en 1983 como concelleiro polo PPdeG e en 1998 foi elixido alcalde en substitución de Antonio Varela Rodríguez. Nas eleccións municipais de 1999 encabezou a



candidatura do PPdeG e foi elixido alcalde con maioría absoluta. Continuou neste posto nas sucesivas convocatorias electorais, sempre con maioría absoluta, crecendo sempre ata o de agora. De feito, apañou moitos dos votos dos outros grupos que este ano non se presentaron, Ciudadanos e FLI.

A responsabilidade principal de frear o avance do PP estivo na man do BNG. Xosé Ferreiro foi o candidato dos nacionalistas nas últimas legislaturas.


Mentres que a piques estivo Pardo

de chegar aos 2.000 sufraxios, os nacionalistas subiron e baixaron os socialistas de Carmen Acacio, outra candidata tradicional na localidade. Tamén aumentou lixeiramente o número de votos de IDOR, únicos independentes, que lidera José Manuel López Castro

Para o alcalde, o principal reto é seguir traballando na mesma liña e rematar proxectos en marcha como o centro BTT de Santa Isabel ou as melloras no abastecemento de auga. Quere tamén facer unha depuradora de augas residuais.



José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei desde 1998



## Concelleiros

- ♦ José Pardo Lombao (PP)
- ♦ María Begoña Seco Varela (PP)
- ♦ José Yebra Amorín (PP)
- ♦ Pilar Méndez Lombao (PP)
- ♦ Jesús Fernández García (PP)
- ♦ María José Martínez Vigo (PP)
- ♦ Fermín López González (PP)
- ♦ Tania Díaz Seijas (PP)
- ♦ Luis Alfonso Trigo Fernández (PP)
- ♦ Xosé Ferreiro Fernández (BNG)
- ♦ Elvira Lombao Vila (BNG)
- ♦ Miguel Vieito Villar (BNG)
- ♦ M<sup>a</sup> Carmen Acacio López (PSOE)

# Castosa amplía a maioría

O popular Armando Castosa creceu nesta legislatura sumando un concelleiro aproveitando a desaparición do BNG da corporación. O PSOE sobe en votos

O gran beneficiado destas eleccións en Cospeito volveu ser o PP, que malia que reduce a porcentaxe de votos suma un concelleiro máis e amplía unha maioría absoluta que viña decrecendo nas anteriores citas electorais.

De feito, en números absolutos o PP perdeu votos, pasou de 1.671 a 1.521, pero mantén a porcentaxe case intacta (55%).

O alcalde Armando Castosa mantén deste xeito a Alcaldía de Cospeito, que atesora desde 1991.

Este concello de profunda tradición popular, rexistrou un novo incremento do voto de cara ao PSOE, que pasou de 963 a 995 votos, do 32,2% ao 36% pero que non logrou aumentar a súa representación, que se mantén estable en 4, os mesmos que tiña no 2019.

O PSOE estreaba candidato, Daniel Irimia, que irrompeu forte no concello en substitución de Rosa Morán, e fixo unha intensa campaña na que non obtivo os resultados



esperados pero si un crecemento que non acabou en aumento de concelleiros como esperaba.

O gran damnificado foi o nacionalista Afonso Olegario Aguiar, que se presentaba polo BNG por primeira vez como cabeza de lista e que non acadou os sufraxios suficientes para sumar un concelleiro, a mesma representación que tiña este partido. Caeu desde os 311 votos aos 202, ou o que é o mesmo, do 10,42 ao 7,32%.

Armando Castosa volverá gober-

nar en solitario e sen problemas Cospeito na que será a súa novena legislatura.

O cabeza de lista dos populares cospeiteiros márcase esta nova legislatura como obxectivo "seguir traballando desde a humildade, escoitando a todos e así dar continuidade a un goberno de maiorías, ampliando o noso proxecto político para continuar gobernando o municipio con estabilidade e puxanza", adiantou Castosa durante a campaña.



Armando Castosa, reelixido como alcalde en Cospeito



## Concelleiros

- ♦ Armando Castosa Alvaríño (PP)
- ♦ Natividad Miguélez Castro (PP)
- ♦ Fernando Carreiras González (PP)
- ♦ Iván Méndez Flores (PP)
- ♦ María Elena Veiga Castro (PP)
- ♦ María José Paredes Yáñez (PP)
- ♦ José Veiga Fernández (PP)
- ♦ Daniel Irimia Yáñez (PSOE)
- ♦ María González Castro (PSOE)
- ♦ Pablo Alvaríño Vázquez (PSOE)
- ♦ Beatriz Díaz Pérez (PSOE)

# Un bastión do PP máis forte

**José Ángel Santos convértese nun dos alcaldes con máis respaldo popular de Galicia, xa que obtivo o 83,7% dos votos. A praza restante será para o PSOE**

José Ángel Santos volveu arrasar nas urnas un ano máis e obtivo 10 dos 11 concelleiros da Corporación, unha maioría consistente que amosa o gran respaldo popular que ten o alcalde, que inicia este ano a súa terceira lexislatura. Na oposición, finalmente será o PSOE o que se leve o asento restante, que nun principio na primeira rolda de votacións atribuíuse ao BNG coa súa novísima Ada Blanco á fronte, unha das candidatas máis novas de Galicia.

Continúa polo tanto o PSOE na corporación, da man de Ana María Pardo, que se presentou por primeira vez este ano.

O alcalde en funcións repite resultados con respecto ao ano anterior pero durante os primeiros minutos estivo coa totalidade dos asentos no seu haber. Finalmente quedaría co 83,70% dos votos nunha xornada con pouca abstención, que estivo preto do 15%.

A pelexa estivo no concelleiro que



quedaba. PSOE e BNG tiveron unha ampla disputa polo mesmo que ao final quedou solucionada por unha diferenza de 12 votos. Foi o grupo socialista o que se levou o último asento deixando de novo fóra da corporación ao BNG, que non obtén representación desde 2011.

A continuidade do equipo de Goberno do PP está polo tanto garantida, partido que se mantén no poder desde 1991.

O actual alcalde de Friol, José Ángel Santos, nado nesta localidade

no ano 1980 e veciño da parroquia de Nodar, é técnico capataz agrícola, gandeiro de profesión e titular dunha explotación de produción de leite. “Prometemos unha xestión na mesma liña do que estamos a facer nos últimos anos, pois vemos que está a dar bos resultados para o noso pobo”, dixo.

A candidata socialista quere traballar “para que os nosos fillos se queden aquí e iso ten que facerse tendo todas as comodidades a vantaxes en transportes, en comunicacións”.



O alcalde de Friol, José Ángel Santos



## Concelleiros

- ◆ Jose Ángel Santos Sánchez (PP)
- ◆ María Ángeles Buján Burgo (PP)
- ◆ Enrique Barreiro Sánchez (PP)
- ◆ Jesús Julio Cortiña López (PP)
- ◆ Nuria Vázquez Argerey (PP)
- ◆ Felipe Barata Villapol (PP)
- ◆ Juan Carlos Casal Pena (PP)
- ◆ María Ángeles P. López López (PP)
- ◆ Juan Ramón Varela López (PP)
- ◆ Nerea Campo Fariñas (PP)
- ◆ Ana María Pardo Lorenzo (PSOE)

# A autoridade electoral de Ulla

**O PP non aumentou o número de concelleiros pero si o de votos absolutos. O BNG recupera o seu asento no Pleno a costa do partido socialista**

Novamente o gran vencedor da xornada electoral do domingo en Begonte foi o PP. Revalidou a súa maioría aplastante na corporación con 9 concelleiros de 11 e aínda aumentou o número de votos absolutos, chegando aos 1.649 (1.626 tivo

no 2019), levándose o 77,27% dos votos emitidos.

Mentres, o PSOE de Susana Ferreiro perde un concelleiro dos dous que tiña, que vai para o BNG de Pablo Ares, que entra de novo na corporación begontina. Os socialistas

quedaron nos 12.13% do voto escrutado cando na anterior cita electoral estaban no 18,72%. O BNG ten o efecto contrario, pasando de 6,6% ao 9,74%.

José Ulla será alcalde catro anos máis nun dos concellos da provincia con maior porcentaxe de voto popular. Este veterinario de profesión comezou como concelleiro no ano 1999 e foi membro do equipo de Goberno entre 2007 e 2011, cando foi elixido voceiro e finalmente gañou as eleccións. Con Ulla chegou a maioría popular xa que José Antonio Vázquez García, o anterior mandatario, foi alcalde durante catro anos nos que gobernou grazas a un pacto co PSOE e o BNG xa que tiña maioría relativa.



## Concelleiros

- ◆ José Ulla Rocha (PP)
- ◆ Luis Luaña Castelo (PP)
- ◆ Sonia Varela García (PP)
- ◆ María Aurora Braña Veiga (PP)
- ◆ Ramiro Parga Coira (PP)
- ◆ Marta Lombao Gómez (PP)
- ◆ Ruth Couso Geada (PP)
- ◆ José M. Rábade Cacharrón (PP)
- ◆ Manuel Castro Ferreiro (PP)
- ◆ Susana Ferreiro Vázquez (PSOE)
- ◆ Pablo Ares Ansele (BNG)



José Ulla exercendo o seu dereito ao voto o domingo 28

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**


# Obrigados a entenderse

A coalición PSOE-BNG perde apoios e un concelleiro socialista en favor do PP, a lista máis votada. Darío Cabaneiro non chegou á maioría absoluta

O PSOE e o BNG, unha coalición que leva funcionando desde 2007 enfróntase este ano a unha situación similar á de legislaturas pasadas. O voto volve estar moi repartido entre os tres partidos con representación. Cambiou o reparto de concelleiros pero nesta ocasión o maior beneficiado foi o PP, que sobe ata os 5 e supera en dous ao PSOE e ao BNG, sen embargo, o PP non acadou a maioría absoluta polo que o seu futuro goberno queda pendente de que os outros dous podan renovar o acordo que leva vixente 16 anos.

A caída de votos principal foi a do PSOE, que perdeu un concelleiro e 300 votos. O BNG mantense na mesma liña con uns 50 votos menos e o PSOE subiu 78.

Deste modo, o PSOE e o BNG contará nesta legislatura coa mesma representación e só 19 votos por riba. Nestes anos, a coalición pasou por



mellores e peores momentos e quedaron polo camiño cousas por resolver, que terán que volver saír a colación antes de pechar un novo acordo. Na anterior legislatura foi complicado para os dous chegar a un acordo. Ambos estiraron ata o último día o acordo de goberno e nesta ocasión non parece que se apresuren tampouco. Antes de negociar entre eles necesitan chegar a un con-

senso coas respectivas agrupacións. "Aínda non hai nada", afirma o actual alcalde, que non quere precipitarse nos acordos de goberno. Ata o de agora, ambos partidos tiñan totalmente repartidas as tarefas de goberno e o obxectivo sería chegar a o mesmo acordo. Aínda así, toca analizar primeiro os datos das eleccións, tan axustados e cunha elevada abstención.



## Concelleiros

- ◆ Darío Cabaneiro Santomé (PP)
- ◆ Marcos García Lombardero (PP)
- ◆ Josefa Méndez Pena (PP)
- ◆ Jesús Obarrio Pérez (PP)
- ◆ Adrián Cendán Rodríguez (PP)
- ◆ Primitivo Iglesias Sierra (PSOE)
- ◆ Constantino Fernández Leira (PSOE)
- ◆ Monserrat Cabaneiro Rego (PSOE)
- ◆ Elva Carrera González (BNG)
- ◆ José Antonio Veiga Pérez (BNG)
- ◆ Rocío López Pacio (BNG)

Pola súa banda, o PP, que agora encabeza Darío Cabaneiro, espera co seu programa preparado para gobernar aínda que sabe que necesitará apoios para ser elixido alcalde.



O socialista Primitivo Iglesias, arriba, e o popular Darío Cabaneiro

# Nun puñado de votos

Abadín seguirá a ser máis bipartidista que nunca xa que as únicas dúas forzas quedaron diferenciadas por 61 votos, pelexando polo último concelleiro

José María López Rancaño seguirá sendo alcalde unha legislatura máis malia o preto que estivo de perder o concelleiro que dá a maioría absoluta, que ao ter só dous partidos en liza, é máis doado. Os primeiros resultados daban como gañador ao PSOE pero a medida que se foi pechando o recuento, o alcalde foi manténdose como electo.

Finalmente foron 6 concelleiros para os populares e 5 para os socialistas e a diferenza marcárona só 61 votos. Rancaño leva perdendo peso na corporación desde o ano 2011 e estivo preto de rematar cos corenta anos como alcalde.


O que si tivo Abadín este ano foi unha baixa abstención para o habitual neste termo municipal. No

2019 esta foi do 37,9% mentres o domingo baixou ata o 26,5%.

Así que, con menos concelleiros pero co reparto de poder en maioría absoluta, o que xa é un dos alcaldes máis lonxevos da provincia seguirá á fonte do Concello aos seus 72 anos.

Co mel nos beizos quedou Pablo Díaz, que leva facendo fronte a Rancaño no terreo político varias legislaturas e que este ano estivo moito máis preto de obter a Alcaldía. Durante os comicios protagonizouse unha das denuncias que se deron na provincia e foi contra Rancaño ao que se acusou de pedir o voto na xornada de reflexión.

Nesta nova legislatura que comeza o alcalde terá por diante o reto de construír a residencia de maio-



res que prometeu o ano pasado, unha obra que ten un orzamento de arredor de dous millóns de euros e que será sufragada ao 50% pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, comprometeuse a continuar co asfaltado de camiños e vías municipais a cargo do Plan Único e Plan de Camiños da Xunta.



## Concelleiros

- ◆ José María López Rancaño (PP)
- ◆ M<sup>ra</sup> Begoña Gaute Verdes (PP)
- ◆ Tania Rey Eimil (PP)
- ◆ Judit Anido Vigo (PP)
- ◆ Patricia Fraga Requeijo (PP)
- ◆ José Ramón Ramil Verdes (PP)
- ◆ Pablo Díaz López (PSOE)
- ◆ Miguel Á. Martínez Neira (PSOE)
- ◆ Sandra Otero Quende (PSOE)
- ◆ Vanesa Otero Fernández (PSOE)
- ◆ Luis Gómez Pérez (PSOE)



O alcalde de Abadín, López Rancaño (esquerda) e Pablo Díaz, do PSOE



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS



# Nada cambiou en Xermade


O alcalde e deputado socialista Roberto García mantivo a maioría dos sufraxios malia o avance do PP. A corporación queda en bipartito pola ausencia do BNG

Sen cambios en Xermade, onde a corporación quedará dividida por un concelleiro e cen votos, que foron os que supuxeron unha nova vitoria do socialista Roberto García.

O PSOE mantívose e aumentou en porcentaxe de voto, co 54,45%, mentres que o PP subiu moito máis, do 31,37 ao 43,82%, con máis de cen votos absolutos.

Este crecemento de ambos vén motivado porque non se presentou a candidatura do BNG polo que estímase que o voto repartiuse. Este partido xa non obtivo representación nos anteriores comicios.

Foi moito máis elevada a abstención, que se cifrou no 23,36%, e moi altos o número de votos nulos



e en branco, 48.


O Partido Popular, que lidera Antonio Riveira, sumou un concelleiro máis polo que o equilibrio entres ambos os dous partidos é axustado pero non haberá dúbidas sobre unha nova legislatura vermella.

“Quero facer realidade a construción do museo da tornería, un centro de día e un novo centro social en Xermade”, subliñou o rexedor e candidato durante a campaña polo que estes deberan ser os primeiros preceptos. Roberto García leva como alcalde de Xermade desde o 2015 polo que esta será a súa terceira legislatura.

ción do museo da tornería, un centro de día e un novo centro social en Xermade”, subliñou o rexedor e candidato durante a campaña polo que estes deberan ser os primeiros preceptos. Roberto García leva como alcalde de Xermade desde o 2015 polo que esta será a súa terceira legislatura.



Roberto García Pernas, alcalde de Xermade



## Concelleiros

- ◆ Roberto García Pernas (PSOE)
- ◆ José Prieto Barro (PSOE)
- ◆ Carlos A. Guerra González (PSOE)
- ◆ Verónica Amarelo Morado (PSOE)
- ◆ Nélica Coira Pena (PSOE)
- ◆ Antonio Riveira Requeijo (PSOE)
- ◆ Sandra de Bernardo Eimil (PSOE)
- ◆ José Luis Vilasuso Paz (PSOE)
- ◆ Laura Romero Gato (PSOE)

# A maioría de Rodríguez Ónega

O alcalde socialista revalida a superioridade nos sufraxios pero perde un concelleiro en favor dun PP totalmente renovado, que aumentou en 37 votos


Lino Rodríguez Ónega mantén o seu posto de alcalde de Pol recollendo unha nova e importante maioría para os socialistas da provincia. Lino chegou ao Concello no ano 2007 e levaba crecendo desde aquela data. Nesta ocasión perde un concelleiro en favor dun Partido Popular renovado.

Malia a baixada, Lino Rodríguez acaprou o 61,7 % dos sufraxios, un total de 705. Perdeu máis de 130 votos, mentres que os populares só necesitaron gañar 37 para arrebatarlle ao PSOE o seu segundo concelleiro. No resto de datos moita estabilidade. A abstención é baixa e practicamente igual ao 2019, o 17,13%.

Ademais de crecer o voto popular en forma dun segundo concelleiro, o BNG tamén subiu en votos, outros 40, pero queda coa mesma representación na corporación.

Deste modo, Pol repetirá rexedor por cuarta legislatura consecutiva de cor vermella e cun alcalde que tamén foi deputado.

Entre os proxectos máis inmediatos que anunciou que levará a cabo nos próximos catro anos figura levar a auga a Torneiros e a remodelación da reitoral na parroquia de Suegos, sobre a que xa existe proxecto e fi-



## Concelleiros

- ◆ Lino Rodríguez Ónega (PSOE)
- ◆ José Luis Ramudo Andiñón (PSOE)
- ◆ Marina Ramudo Graña (PSOE)
- ◆ Ana Belén Seco Morado (PSOE)
- ◆ Sonia Cervantes Rivas (PSOE)
- ◆ César Valiña Irimia (PSOE)
- ◆ Nicole Grueira Fernández (PP)
- ◆ Enrique Rodríguez Rodríguez (PP)
- ◆ Branca Fernández Martínez (BNG)

nanciamento.

No banco da oposición popular sentarase unha moi moza activista política, Nicole Grueira.

Aos seus 21 anos é estudante de Ciencia Política e da Administración e foi a primeira candidata nada neste século que se presentou. Estará

acompañada por Enrique Rodríguez, enxeñeiro forestal e funcionario de carreira desde o ano 2003 do corpo de enxeñeiros forestais da Xunta. Tamén haberá cambios polo BNG xa que ocupará o único asento nacionalista a cabeza de lista, Branca Fernández Martínez, veciña de Mosteiro e mestra.



Candidatura socialista de Pol xunto a Tomé e a deputada García Porto

## RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

**Aluguer de: AUTOCARAVANAS**  
**VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS**

**¡Non esperes para facer a viaxe dos teus sonhos!**

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

# Meira segue a ser socialista

Antonio de Dios revalida a súa maioría absoluta malia perder un concelleiro. O PP sobe de 1 a 3 e a nova formación Contamos completa a corporación

Meira seguirá a ser unha lexislatura máis socialista e iso é así logo da vitoria do equipo de Antonio de Dios nos últimos comicios, nos que logrou a maioría absoluta.

Se houbo un partido que creceu foi o PP, que subiu de 1 a 3 concelleiros pasando do 18,9% dos sufraxios ao 30%. O PP levaba este ano novo cabeza de lista, Óscar Fernández, que realizou unha intensa campaña.

A terceira forza será Contamos, un proxecto novo que evoluciona desde Galicia Sempre, que xa tiña un asento na corporación, con Pablo Corbelle á fronte. Revalidou presenza con exactamente a mesma porcentaxe de representación que no 2019, o 10,45%.

Os votos tamén marcharon cara outros partidos, xa que Meira foi un dos poucos que presentou cinco listas diferentes ás eleccións, pero as outras dúas quedaron sen representación.

O mellor situado foi o BNG, que perdeu o concelleiro que tiña e

queda fóra da corporación. Os nacionalistas xuntaron o 8,14% dos votos, 92 en números absolutos. Así, a Ermitas Rodríguez, candidata deste ano, fíxolle dano a dispersión do voto.

No relativo a VOX, moi baixa representación con 17 votos, que supón o 1,5% dos sufraxios, e que, como no resto de concellos de Lugo, quedou sen opcións de entrar en ningún goberno local.

Con este resultado Antonio de Dios superará os 20 anos á fronte do Concello, xa que leva no mesmo desde 2003, os dous primeiros como independente e logo desde 2011 na lista socialista.

“Temos a idea de ampliar a área de caravanas e a ponte, pero isto último é prioritario porque xa está todo preparado e acordado para que comece a obra. E logo seguiremos traballando en todo o que nos piden dende o colexio, ou a gardería así como o centro de maiores para mellorar a contorna”, avanza o alcalde durante a campaña.




## Concelleiros

- ♦ Antonio de Dios Álvarez (PSOE)
- ♦ Agustín Méndez Moirón (PSOE)
- ♦ M<sup>a</sup> de las Urdes Díaz Yanes (PSOE)
- ♦ Rubén Vidal Vidal (PSOE)
- ♦ Manuel Vidal Vallejo (PSOE)
- ♦ Óscar Fernández Fernández (PP)
- ♦ Sonia Folgueira Bouso (PP)
- ♦ Enrique Castro Castro (PP)
- ♦ Pablo Corbelle González (Ga.S)



O alcalde de Meira, Antonio de Dios



# Clemente Iglesias mantense

O PSOE queda fóra da corporación logo de perder os dous concelleiros, que engrosaron a lista nacionalista. O PP dobra a representación da oposición

Clemente Iglesias sumou unha nova maioría para o Partido Popular en Riotorto e segue encadeando vitorias. De novo, a súa representación na corporación dobra á que ten a oposición, que na lexislatura que agora comeza só terá un partido.

Como novidade só un crece en votos en Riotorto, o BNG, que gaña dous concelleiros tras sumar 139 votos. Son os mesmos que perde o PSOE, que desaparece da corporación tras sumar só 59 votos, 135 menos que no 2019.

O PP malia as súas boas cifras tamén perde votos, concretamente 61 aínda que ten o 62,58% dos sufraxios. Non é a primeira vez que o PSOE desaparece da Corporación pero no 2019 logrou ter unha alta representación, superando incluso ao BNG, que sempre foi unha forza importante no municipio. Clemente Iglesias seguirá sendo alcalde polo tanto mentres que



do outro lado da mesa estará Vanesa Gómez Lourido, xornalista de Vilarquide, na parroquia de Galegos, que xa se presentou como a principal alternativa ao goberno do Partido Popular.

Non logrou o respaldo que pedía o candidato do PSOE, Víctor González Leivas, que só foi quen de sumar 59 votos, o 6,22%, deixando claras as dúas posturas enfrontadas que hai no concello.

Para os populares é prioritario “mellorar os servizos e a atención aos veciños”. Nese sentido, Igle-

sias explicou que o goberno local desenvolveu distintos proxectos e ten outros previstos para mellorar os accesos a varios núcleos e tamén á rede de abastecemento e o saneamento.

Durante a campaña política, o alcalde avanzou que aposta por “ofrecer actividades para a dinamización social e cultural e favorecer así o asociacionismo” a través da convocatoria de axudas ás asociacións. Así mesmo, está a traballar pola creación dunha residencia para a terceira idade.



O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias



## Concelleiros

- ♦ Clemente Iglesias González (PP)
- ♦ José Luis Lourido López (PP)
- ♦ Manuel Rivas Bouza (PP)
- ♦ Manuel Pacio Iglesias (PP)
- ♦ José Luis Lorigo Carballeira (PP)
- ♦ Olga Maseda García (PP)
- ♦ Vanesa Gómez Lourido (BNG)
- ♦ María Campo Fernández (BNG)
- ♦ Luís Fernández Fernández (BNG)

# Nova alcaldesa do PP

Remedios González Cabarcos fíxose coa maioría absoluta o domingo 28 e rematou co goberno independente de 16 anos de Francisco Fernández Montes

A marea de votos populares tamén chegou a Rábade e cambiou moito o conto. Tras 16 anos de Francisco Xosé Fernández Montes, o PP logra recuperar a Alcaldía da localidade logo de conseguir a maioría absoluta, un proceso que comezou no ano 2015, cando superou en votos aos independentes. Sen embargo, sempre quedou preto da maioría sen conseguilo e nesta ocasión así foi por moi poucos votos.

Tivo moito máis mérito a vitoria popular se se mira o feito de que se presentaron ata cinco listas para competir polos 9 asentos en liza. O PP chegou ata o 48,15% dos sufraxios mentres que os Independentes baixaron do 36,7 ao 32,87%. Nesta mesma caída estivo o PSOE. O único concelleiro electo, Alejandro Martínez, volveu atopar respaldo suficiente pero non volverá revalidar a alianza con IR e tamén caeu en votos, do 15 ao 11%".

Os outros dous partidos non obtiveron representación. Por exem-

plo, o BNG obtivo un pequeno respaldo, 57 votos, para a candidatura de José Sangiao, a metade dos que tiveron os socialistas.

Mentres que VOX só reuniu 10 votos, e iso que Miguel Pardiñas levaba 9 persoas na lista.

Cunha elevada abstención para a localidade, Rábade contará a partir de agora cunha alcaldesa, Remedios González Cabarcos, que xa se presentara anteriormente e que fixo unha intensa campaña co apoio dos principais dirixentes do seu partido.

Neste sentido afirma que desde o grupo popular "haberá un compromiso de traballo e un inmenso esforzo por facer de Rábade unha referencia provincial en todos os sectores xa que ten o potencial para selo". Entre a multitude de ideas do proxecto da actual voceira está a de investir en chan industrial "para atraer empresas e fomentar o emprego entre os veciños para evitar o éxodo a outras cidades".



## Concelleiros

- ◆ Remedios González Cabarcos (PP)
- ◆ María Pilar Dapena González (PP)
- ◆ José Luis Novo Teijeiro (PP)
- ◆ María Sandra Novo Penas (PP)
- ◆ Carlos R. González Cabarcos (PP)
- ◆ Francisco X Fernández Montes (IR)
- ◆ Ángel Manuel Lage García (IR)
- ◆ María José de Arriba Redondo (IR)
- ◆ Alejandro Martínez Campos (PSOE)




Remedios González, que será a nova alcaldesa, diante da ponte de Rábade



# Pendientes dun pacto

O BNG de Muras, que rozou a maioría absoluta, tentará reeditar o pacto co PSOE coa nova concelleira. A lista de Manuel Requeijo volve ser a máis votada



As eleccións en Muras deixaron un panorama moi similar ao dos pasados comicios. O BNG e o PP repartíronse máis do 80% dos votos dunha maneira moi parella, de feito só tres votos deixaron á lista de Manuel Requeijo como a máis votada co 43,65% dos votos.

Foi elevada a abstención para o volume da veciñanza, do 10%, e só un voto protesta en branco.

Nunha localidade onde cada voto conta, o BNG perdeu 3, o PP gañou 14 e o PSOE caeu 41, estando nalgúns momentos da votación

fóra da corporación.

De cara ao futuro, o BNG, que aspira a revalidar o Goberno, como lista máis votada ademais, espera reunirse coa nova concelleira do PSOE, Jennifer Gómez, para intentar chegar a un acordo de goberno similar ao que mantíña con Mario Rouco, o anterior cabeza de lista do grupo socialista.

Manuel Requeijo aspira a manterse no cargo para manter en activo o seu proxecto estrela, as axudas ao pago da factura da luz, que son xa un exemplo a seguir por

## Concelleiros

- ◆ Manuel Requeijo Arnejo (BNG)
- ◆ Paula Gómez Souto (BNG)
- ◆ Cristina Franco Pardo (BNG)
- ◆ María Eugenia Requeijo Chao (PP)
- ◆ Julio Díaz Díaz (PP)
- ◆ Damián Prieto Sardiña (PP)
- ◆ M<sup>a</sup> Jennifer Gómez Galego (PSOE)

universidades, escolas e outros gobernos.

Destaca tamén o seu obxectivo de revitalización da vida económica, social e cultural da localidade como as bases do programa a desenvolver nos próximos 5 anos, así como a posta en marcha do polígono industrial.

O equipo popular presentouse co obxectivo de "cambiar o actual estado de cousas, caracterizado por prazas e rúas sucias, xardíns en mal estado, estradas deterioradas, servizos deficitarios e unha xestión totalmente partidista".



Manuel Requeijo, arriba, e Jennifer Gómez, abaixo



# COLABORACIÓN

## O metaverso no ensino

### O PUPITRE



Julio Díaz

**L**evo semanas escoitando, día a día tamén, que si intelixencia artificial, ciberespacio, avatares dixitais... e despois de traer xa ao meu "pupitre" temas como ChatGPT, os grupos de whatsapp e outros, decidín ir un pouco máis alá e adentrarme no metaverso e no seu impacto no ámbito do ensino e da formación virtual. Aínda que o "metaverso" pareza algo novidoso, o seu concepto existe desde fai moito tempo; xurde por primeira vez na novela de ciencia-ficción *Snow Crash*, de Neal Stephenson, publicada aló polo ano 1992. Neste libro, o autor fala do internet do futuro, ao que denomina "metaverso" e o define como un ciberespa-

cio de realidade virtual onde se pode experimentar unha segunda vida a través de avatares dixitais.

Os expertos consideran o metaverso como unha ferramenta que pode mellorar o ensino – aprendizaxe, pero que o seu uso require do perfeccionamento da tecnoloxía, dun amplo e fácil acceso a ela, da creación de contidos inmersivos e de modificar o papel dos docentes, entre outros moitos aspectos.

As posibilidades que para a educación abre esta tecnoloxía son ilimitadas. Permite aproximarse a contidos imposibles nua aula tradicional, a colocarse en situacións extremas, evitando deste xeito participar en experiencias de alto risco. Imaxínate que os nosos alumnos poidan vivir un incendio incontrolable desde o corazón do mesmo, participar en rescates en situacións extremas ou mesmo explorar des-

de dentro o corpo humano cunhas simples gafas de realidade virtual. Así, o metaverso permítenos aos docentes promover a aprendizaxe a través da experiencia; mantén aos nosos alumnos motivados e atentos, aumentando a súa participación, eliminando ao mesmo tempo as fronteiras do espazo e da distancia para que os nosos rapaces teñan unha maior interacción.

Un recente estudo da Universidade Oberta de Cataluña identifica catro eixes potenciais do metaverso no entorno educativo. O primeiro, transformar os modelos, contidos e procesos de ensinanza – aprendizaxe. O segundo, adecuar a oferta e a demanda educativa, abordando as brechas dixitais. O terceiro pasa por rediseñar entornas, roles do alumno – profesor e a avaliación. O cuarto e derradeiro, sería o que se refire a implementar no ensino os

modelos baseados en ecosistemas formados polos nosos socios no proceso educativo, como poderían ser as empresas tecnolóxicas e outras institucións.

O reto que nos expón educar nos metaversos é precisamente imaxinar experimentando con ferramentas e propostas educativas creativas, arriscadas e innovadoras, así como deseñar materiais lúdicos, á vez que educativos, que sexan adecuados e atractivos para esta nova xeración dos nosos alumnos que está crecendo con linguaxes inmersivos e interactivos dos videoxogos e das redes sociais.

Debemos saber que educar no metaverso non está exento de riscos e problemas e, de feito, son varios os inconvenientes e limitacións, como por exemplo, o uso de cascos e gafas de realidade virtual, como dispositivos mellor preparados para

situarnos "dentro" do entorno educativo dixital xerado, resultan en moitos casos, incómodos e, aqueles máis ergonómicos e que informaticamente ofrecen mellores prestacións son obviamente moito mais caros. Así mesmo, como xa aconteceu no pasado, na "primeira realidade virtual", poderíamos dicir, o uso deste tipo de dispositivos durante longos períodos de tempo poden producir desgaste ocular, dores de cabeza, mareo e mesmo vómitos producidos por intentar introducir o mundo simulado no noso campo visual desde as gafas de realidade virtual.

"O potencial do metaverso está en consideralo un complemento nos procesos educativos, que nos permiten dar resposta a temas como o acceso a contidos e contornas nas que a inmersión nos aporta un gran valor".

## A xanela de Sèvres

### DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**E**n 1999 Ramón Chao publicaba a novela 'Prisciliano de Compostela', traducida a varios idiomas e que inspirou o documental 'O camiño de Ramón Chao. Tras as pegadas de Prisciliano', dirixido por Aser Álvarez, de Arraianos Produccións, e preestreado o pasado 23 de maio no Instituto Cervantes de París. Nesta obra, Chao relata unha viaxe en motocicleta dende o bulevar de Montparnasse da capital francesa até terra galega, seguindo o roteiro vital do bispo de Ávila, Prisciliano de Gallaecia, decapitado en Tréveris no ano 385, tras denunciar a corrupción da Igrexa católica e ser acusado de herexía polo goberno secular. Durante aquela viaxe coñeceu a diversas persoas que, cos seus contos, marcáronlle as seguintes etapas do camiño. En realidade, trátase de

dúas historias paralelas, a da vida do bispo mártir e a da traxectoria persoal do autor, nunha trama que se mantén cun ritmo sostido respecto á sorte que corren os personaxes e cunha atinada descrición dos escenarios e outros lugares que aparecen ao longo da narración. Non se trata dun libro de viaxes nin tampouco dunha novela de intriga, mais o certo é que enganxa ao lector dende as primeiras páxinas.

Ramón sempre declarou a súa fonda admiración polo mundo literario de Álvaro Cunqueiro e de Torrente Ballester, aos que coñeceu sendo un raparigo, pois ambos eran clientes habituais da fonda Chao cando paraban en Vilalba. A influencia do realismo máxico destes dous autores no discorrer no texto sobre Prisciliano é máis que evidente, xunto á atmosfera característica de Buñuel, que tamén se aprecia na descrición dos personaxes e na construción das diferentes situacións.


Levaba dez anos sen visitar París. Quixo o destino que esta viaxe coin-

cidira nas mesmas datas que as dúas anteriores, será cousa do espírito do maio francés. En 2013 estivera con Ramón na casa de Sèvres redactando os estatutos da Asociación Cultural Amigos de Prisciliano, como paso previo á selección dos socios fundadores e do resto de persoas que integraríamos a xunta directiva. Naquelas datas, embarcamos nun avión cara a Compostela, dende o aeroporto Charles de Gaulle, para acompañar a Manu no festival Reperkusión, que se celebraría poucos días despois na Cidade dos Muchachos de Bemposta (Ourense). A viaxe anterior fora en 2010 -tamén a mediados de maio- para asistir á presentación de 'Priscilliane de Compostelle', traducida ao francés por Anne-Marie Casès e publicada pola editorial Terre de Brume. A longa conversa que mantivemos tras rematar o acto deu lugar á entrevista titulada "Entre en Radio France porque falaba galego", que vería a luz nas páxinas de Xornal de Galicia un par de meses despois e pola que recibiría posteriormente o

premio Johán Carballeira de xornalismo.

Aquela estadia en París foi determinante para min. Servíume para tentar a Chao -unha vez máis- coa miña teima de convencelo para que regresase a Vilalba, identificada como Reigada no conxunto da súa obra; percibía claramente que precisaba dar ese paso para pechar o seu círculo vital. O momento máxico chegaría tamén en primavera: o 15 de abril de 2011, Ramón visitou Vilalba, ofreceu unha charla na Casa da Cultura e xuntos vivimos unha experiencia sublime.

E agora volvo a París no quinto cabodano do seu pasamento. O feito de visitar novamente a casa de Sèvres, remexendo os seus papeis no estudo con Antoine, foi un intre especialmente emotivo para os dous. O Pleyel de cola, os cadros e os cartaces, as anotacións, libros e máis libros, xunto a unha morea de recordos enviados por min durante anos, puxéronme a pel de galiña. Permanecín un bo rato en silencio na súa xanela, pola que entraba a brisa, mentres ollaba cara aos carballos e castiñeiros do xardín. Botei en falta o pequeno magnolio da fonda Chao, co que o agasallamos en Vilalba e que plantara na fachada da casa. Antoine confesoume que desapareceu polas malas artes dun xardineiro pouco espelido, que o cortou por



erro, causándolle un fondo desgusto ao noso prezado Ramón.

A fascinación que sentía Chao pola figura histórica de Prisciliano é a liña condutora do documental que presentamos hai uns días na cidade da luz; ao mesmo tempo, organizamos unha mostra con fotografías, libros e obxectos persoais do escritor (o auténtico rebelde da familia), que nos leva a facer un percorrido polos camiños dun home bo e xeneroso, comprometido coa cultura do noso tempo, e que non cabe en ningún documental nin en ningunha vitrina. Esta exposición, que se poderá visitar ata o vindeiro 30 de xuño na sede do Instituto Cervantes (11, Avenue Marceau) é un acto de amor e de amizade, unha lembranza especial a un persoeiro irrepitible. Ramón, sempre connosco!

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

# Fortuna, “o mellor matador de todos os tempos”

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Cando no outono de 1969 cheguei ao pobo biscaíño de Sestao, debido a miña curiosidade de explorar o novo lugar no que ía encetar unha nova vida, vin moitas cousas que me chamaron a atención, pois atopábame nun país moi diferente a miña aldea natal, á capital lucense, onde eu rematara de estudar Mestría Industrial, ou incluso A Coruña, onde traballei de delineante durante seis meses en “Talleres PREME”, daquela na rúa Francisco Catoira. Tiña prisa por adaptarme á nova situación xeográfica e cultural, polo que me fixaba en todo o que vía cos meus ollos.

Catro anos despois de chegar, o concello de Sestao puxo fronte á estación do tren da Iberia, nunha casa ao lado do bar “La Estación”, rexentado daquela polo matrimonio vilarego composto por Manuel Cordeiro e Otilia Rodríguez, unha placa na que poñía: “Aquí nació el que fuera el mejor matador de to-

dos los tiempos, Diego Mazquiaran Fortuna. Por esta Sestao le rinde homenaje, 10-2-1895, 2-9-1973”. Desde logo que non son taurino, xa que non podo entender como hai quen se divirte coa tortura e co sufrimento dun animal tan nobre como o touro nin como unha sociedade pode ser tan inhumana para ter como festa nacional esa brutalidade e outras tan bárbaras como tirar unha cabra dun campanario. Unha pena que os españois non teñan outro modo de divertirse e celebrar as súas festas.

Sabía que en Euskal Herria, ao igual que en Galiza, non existe afección por esa barbarie e os touros son mansos, aínda que nos Vilares, na casa de Morico de Vilarcán, onde sempre houbo un boi mando como semental, segundo o interesante libro “Lareira de soños”, de Pastora Veres, naceu o toureiro Pascual López López, que co nome de “El Trianero” (chamado así porque para ter mais éxito dicía que nacera en Triana) recorreu as prazas mais importantes de Colombia e Venezuela. Sempre me chamou a atención esa placa e quixen saber mais sobre Diego Mazquiaran Torrontegui. Souben que era fillo de labradores

navarros e que seu pai traballaba nos Altos Fornos, nos que tamén eu traballei despois, que era algo rebelde e sendo moi novo escapouse da casa para facer de “maetilla”; que andou repartindo pan mentres practicaba coa lendaria familia xitana de “Los Gallos” as técnicas da tauromaquia e carretando maletas na estación de Valladolid, onde unha locomotora despezou ao seu compañeiro e a el so lle fixo algunhas feridas, pero tivo a fortuna de seguir con vida e de aí o seu alcume de “Fortuna”.

Este ano agasalloume a compañeira dun amigo co libro “Guía práctica de Madrid oculto”, onde atopei unha das anécdotas mais curiosas que lle puideron pasar a este matador durante a súa corta vida. Foi o 23 de xaneiro de 1928 ás 8 horas dunha mañá fría xunto ao río Manzanares, cando unha manada de vacas e touros de lidia eran conducidos a un curral do barrio de Carabanchel Baixo, escapándose dos cuidadores un touro e unha vaca, que se dirixiron á ponte de Segovia e de alí ao centro da cidade. Estes touros eran bravos, criados para ser toureados nas prazas e arremetían contra todo o que se lles



puxera por diante; primeiro foi a un ciclista que tirou no chan e despois a un taxi, ao que lle furou unha porta cos cornos, pasou ao trote polo paseo da Virxe do Porto, subiu a costa e foi dar a praza de España. Neste punto algúns espontáneos intentaron entreter ao animal pero el seguiu até a Gran Vía, creando pánico entre os transeúntes que escapaban como podían para evitar ser feridos.

Xa eran as 11 da mañá nesa vía madrileña cando pasaba por alí o toureiro vasco coa súa señora, á que apartou para un lado, sacou a gabardina e non dubidou en darlle uns pases con ela a modo de muleta, mentres pedía que lle trouxeran unha espada. Alguén dos especta-

dores foi ao Casino Militar, que se atopaba cerca, e levoulle un sable, pero dixo que non lle servía, polo que mandou a un rapaz con un coche á rúa Valverde, onde el vivía para que lle trouxera un estoque. Durante quince minutos estivo entretendo ao touro, mentres a multitude aplaudía e cando o rapaz trouxo o estoque chegou a hora da verdade, inmortalizada na fotografía que se acompaña.

Este heroico acto servíulle de propaganda e foi chamado nada menos que para inaugurar a Praza das Ventas de Madrid o 17 de xuño de 1931, xunto con Marcial Lalanda, Nicanor Villalta, Fausto Barajas, Luis Fuentes Bejarano, Vicente Barrera, Armillita Chico y Manuel Mejias Bienvenida, matando o primeiro touro da gandería Domeja, chamado Hortelano.

Despois a vida non lle foi tan afortunada, xa que empezou a experimentar trastornos mentais e sufrir ataques de nerviosismo, o que influía no desempeño como toureiro e no seu desenvolvemento nas relacións sociais.

Morreu nun psiquiátrico de Lima (Perú), o 29 de abril de 1940, aos 45 anos de idade.

## Volvemos ás andadas

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nin máis nin menos. Parecía que a situación no campo galego, especialmente no relacionado coas explotacións gandeiras de leite, estaba tranquila. Ano e medio despois das últimas protestas, motivadas polo de case sempre, é dicir, o baixo prezo que se lles ofrecía aos produtores por parte das industrias lácteas, volvemos por enésima vez escoitar as mesmas reclamacións por parte dos afectados. Estase a falar que a proposta dos novos contratos leva consigo unha baixada do dez por cento a partir do primeiro de abril, o que fará aínda máis insostible a situación de centos de granxas no País. A consecuencia verémola cando se analice a evolución das mesmas, onde se indicará que o seu número é inferior ao do ano anterior, co que iso significa nas zonas rurais, especialmente naquelas onde o sector ten unha importancia capital, como é a Terra Chá. As organizacións sindicais e asociacións que representan os intereses

do colectivo anuncian mobilizacións. Xa vimos e estamos a ver de novo nas rúas tratores e pancartas con frases reivindicativas que nos resultarán familiares.

E idéntica cantinela tamén a observamos nos gandeiros de vacún de carne. Como sentenciaba un dos centos de produtores que se estaban a manifestar: Meu pai gañaba máis cartos hai corenta anos con vinte vacas que gaño eu con sesenta cabezas. Está todo dito.

Voltamos ás andadas, xa que os custos de produción disparáronse nos últimos tempos. Por un lado, as cotizacións á Seguridade Social; como traballadores autónomos que son, cada ano están a subir, independentemente que os beneficios sexan escasos ou nulos. Polo outro, a maldita invasión rusa a Ucraína derivou nun incremento exponencial do cereal que resulta imprescindible para alimentar o gando. Nesta mesma columna, meses atrás facíase fincapé neste problema. No noso País deberíamos ter capacidade para cultivar suficiente cereal sen necesidade de impórtalo de terras tan lonxanas, pero aquí o lema reiteradamente escoitado era que non compensaba.

Pois aí temos o resultado. E finalmente, a pesar de que o consumidor nos supermercados está a pagar tanto o leite como a carne cada vez máis caros, estas subas non están a repercutir naqueles que inician o proceso, é dicir, os gandeiros.

O agro esmorece, aínda que isto non é novo, xa que o leva facendo máis de trinta anos sen que ningún sexa quen de mudar esa tendencia. Causa graza, aínda que non teña ningunha, organizar debates sobre o futuro do campo galego. Expertos e entendidos falan e falan, cheos de razón, con propostas e ideas para reverter a situación. Pero en realidade non visualizamos solucións, máis ben todo o contrario. Inconcebiblemente a pesares das boas intencións e de moito discurso teórico, na práctica continuamos con esta tremenda desfeita. O sector agrario e gandeiro en Galicia, coa importancia que ten desde diversos eidos, que van desde o económico ata o cultural e sociolóxico, atópase en cuidados intensivos. E precisa de remedios efectivos e eficaces, non de tanta palabra, da cal viven algúns, pero non os gandeiros, quen viven do seu traballo, ou iso pretenden. Igual ca todos.

## O RECUNCHO DE CANELINA



# DEPORTES

## EN BREVE

**CARREIRA BEGONTE.** O Concello de Begonte anunciou a data da Carreira Popular do Concello de Begonte, que acadará a súa VI edición. A carreira terá lugar o 1 de xullo, sábado, no Club Fluvial e contará tamén cunha andaina. Novamente está prevista a celebración de varias carreiras por idades, ademais da competición absoluta, na que se percorreren 7 quilómetros. Esta cita co atletismo é xa un referente na comarca e todos os anos reúne en Begonte centos de persoas. En breve daranse a coñecer os detalles da mesma e abrirase o prazo de inscrición.

**BTT COSPEITO.** O grupo BTT Lagoa de Cospeito celebrará o 10 de xuño a quinta edición da súa quedada anual. A sesión terá lugar a partir das 9.00 horas e haberá dúas rutas de percorrido, unha de 50 quilómetros con 900 metros de desnivel e outra de 40 con 700 de desnivel, ambas as dúas de dificultade media-baixa. Ademais, está organizado un xantar que será ás 15.00 horas. Os interesados en participar xa poden anotarse a través das redes sociais dos organizadores, BTT Lagoa de Cospeito.

## O Castro FSF sénior acada o ascenso a Primeira RFEF



O Castro FSF recibiu ao Atlético Torcal FSF e coa vitoria sobre o mesmo conseguiu o ascenso nin máis nin menos que á Primeira RFEF Feminina polo que por primeira vez na súa historia xogará na división raíña do fútbol sala feminino.

O partido deu comezo ás 18:30 horas, xusto despois de recibir o trofeo que o acreditaba como campión de liga. Trofeo que recibiu de mans de Pablo Prieto, vice-

presidente da RFGF responsable do fútbol sala.

As chairegas venceron por un 3-1 nun duelo no que o conxunto malagueño non o puxo fácil. Malia o resultado, o Torcal foi o primeiro en marcar. O Castro reaccionou rápido e en tres minutos logrou o empate pero non sería ata a segunda metade cando o Castro collería a vantaxe suficiente para lograr o fito histórico e entrar na elite do fútbol sala nacional.

## José Cuba achégase ao récord co seu 19 título de campión de España

O loitador vilalbés José Cuba vén de gañar o Campionato de España Sénior que se celebrou na localidade murciana de San Javier.

Cuba, que disputou a categoría dos pesos pesados na modalidade de Libre Olímpica, acadará así o seu décimo noveno título nacional absoluto sendo o loitador español con máis títulos de Campión de España.

Hai que pensar que moitos dos loitadores que participaron nestes campionatos de España aínda non naceran cando José Cuba gañaba o seu primeiro título de campión de España. Esta é unha boa nova para

José, que vén de recuperarse dunha rotura dun dedo que o deixou sen participar no pasado Campionato de Europa.

O club vilalbés tamén contou coa presenza de Catriel Pehuén, que loitou na súa representación nos pesos pesados pero na modalidade de grecorromana e que acadou unha valiosa prata para a escola.

Agora os dous deportistas seguirán coa súa preparación en Vilalba coa vista posta no Gran Premio de España e despois o Mundial como primeira cita clasificatoria para os Xogos de París 2024.

## O Trail das Bestas de Muras será o sábado 15 de xullo

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, que cambiou a data para a nova edición do mesmo, será o sábado 15 de xullo con saída ás 8.00 horas. Este cambio fíxose por petición popular, xa que o 16 coincidía coa festividade do Carme, que se celebra moito na zona.

A organización ten aberta a inscrición da mesma cun total de 500 prazas.

A que será a sexta edición volverá ter un percorrido circular con saída

e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuito marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano.

A organización establece tres distancias diferentes e catro disciplinas. Xa que serán o maratón, 27 quilómetros e 15 quilómetros para corredores e esta última distancia será a que se faga por parte dos que realicen a andaina.

Como novidade deste 2023 o percorrido do 15k e andaina será totalmente novo. Tamén será lineal, polo que transportarase aos corredores á saída en buses, igual que se fará no 27k.

Tamén se establecen dúas categorías, absoluto e veterán (este último para maiores de 46 anos). Non existe a categoría senior. Os premios absoluto e veterán son acumulativos. Haberá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.



O equipo sénior do Guitiriz xa é de Primeira Autonómica tras unha fase agónica de ascenso. O equipo branco tiña ansia de estar no máis alto do fútbol afeccionado e puido cantar vitoria na última xornada no Suso Cruz. Tras unha boa tempada, o Guitiriz clasificouse para os play off polo ascenso xa que o pase directo non puido ser. Así, comezou un proceso durísimo no que en dobre partido desfíxose en semifinais do Iberia nos

penaltis xa que os dous duelos remataron en empate (0-0 e 1-1). Na final co Cospeito, o local non puido pasar tampouco do empate a cero na primeira sesión e na segunda, que pechou o marcador en 1-1, houbo que ir tamén á quenda de penaltis.

Na final do Sur, o Friol quedou ás portas do ascenso tras caer co Milagrosa na súa casa. Empatárono no segundo partido pero o Milagrosa tiña gol de vantaxe da ida.

# ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO  
Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
HAMBURGUESAS  
PASTAS  
ALGO PARA  
COMPARTIR  
TAPAS  
SABOREAR  
TORTILLAS  
PATATAS  
RAXO  
ALGO PICAR  
NUESTROS DELICIOSOS

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**



CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN  
SUBVENCIONS - AUDITORIAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)

Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

## Charli, de Carabullo, e os Troitas Bravas fixéronse coa Liga de Billarda 2023

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal.

Un ano máis remata a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remouelle. Sete grupos, por orden de clasificación que foron liquidando as carreiras alternativamente, deixando para o final o grupo dos mellor clasificados e así poder desfrutar todos da emoción da loita por acadar o podio (neste caso centrada só no segundo e terceiro chanzo xa que o gañador estaba definido: o gran Charli de Carabullo era xa o campión.

Remataron empatados Sachas de Troitas Bravas e Gundar de Madia Leva e foi o das Troitas Bravas quen se ergueu no segundo posto por ter mellor coeficiente de puntuación nas xornadas da tempada.

A sesión gañouna con todo merecemento Aroa de Billardeiros Musicais logo de superar nun desempate a Isma de Carabullo. Os dous acadaron 23 puntos. O terceiro posto foi para o xoven Gundar de Madia Leva. En donas a clasificación xeral xa estaba tamén definida con Aroa e Geni de Billardeiros Musicais e Irea de Carabullo.

Tamén na categoría infantil estaba todo o pescado vendido. Diego



e Mateu de Madia Leva e Antía de Troitas Bravas foron os mellores da tempada.

E para non ser menos, en equipos ningunha novidade, Troitas Bravas foron os gañadores da xornada e campións da tempada, escoltados por Carabullo e Billardeiros Musicais no segundos e terceiro posto.

En varados Manu Caldeiro de Billarda Verde era o amo e hoxe demostrou acadando un espectacular novo tiro directo e remata a tempada con 4, só Sachas e David Navallo, os dous de Troitas Bravas, o acompañaron cun varado cada un.

Coa torrezmada de costume e o lacon que aportou Carlos Alvario rematou a tempada oficial coa entrega de agasallos aos gañadores.

## Remata a nova edición do Descenso do Miño



Rábade e Lugo acolleron unha nova edición, a 66, do Descenso Internacional do Miño, no que os palistas lugueses foron os que máis premios levaron. Rábade volveu ser o punto de inicio desta proba decana do piragüismo galego, que tiña a meta en Ombreiro.

O vencedor do evento en x-2 sénior foi o Club de Piragüismo Viveiro Urban Hotel, con Alberto Pigueiras e Francisco Vázquez, seguidos de Rafael Carril e Mario Sánchez do Club Neptuno de Toni, de Infesto. Pecharon o podio Julio Fontán e Pablo García, do Club Naval de Pontevedra.

Na feminina, o triunfo foi para Lucía Valiña e Carmen Villar, do Club Kayak Tudense. O segundo foi para Valeria Romero e Emma Devesa, do Ciudad de Lugo e o terceiro para Avril Freire e Alba Vázquez, do Club

Náutico O Muíño de Ribadumia. Tamén houbo premio para a categoría sénior mixta, na que venceu Susana Alonso e Aurelio Pedrayes, de Piraguas Villaviciosa El Gaitero. En c-1 sénior os premios foron todos para o Ciudad de Lugo, liderado o podio por Franco Teo Llamazares, seguido de Daniel Estévez López e David Casaleiro Piña.

En categoría xuvenil k-2 tamén liderou o Ciudad de Lugo, con Víctor Devesa e Daniel Fernández, primeiro, e Alejandro Jubón e Pablo Sainz, segundo. Los premios máster foron para Vicente Llerandi e Siro Manuel González, de Neptuno de Toni, e César Méndez e Fernando del Riego, do Club Pico Azul.

Finalmente, entre a modalidade popular, que se introduciu este ano, os vencedores foron Miguel Martínez e Alba Carreira.

## O SD Outeiro de Rei e o CD Castro acollen torneos de fútbol 7

Un total de 24 equipos de fútbol 7 poderán participar en Outeiro de Rei nun torneo amistoso que organiza o club de fútbol local entre o 16 e o 18 deste mes.

O campo municipal acollerá esta celebración, na que se haberá cinco equipos premiados, que recibirán unha compensación económica (entre 1200 e 200) ademais do trofeo. Os gañadores serán os catro primeiros equipos clasificados así como o mellor local fóra dos 4 primeiros. Tamén haberá distinción para o máximo goleador do torneo. Durante o mesmo haberá un xantar con churrasco, empanada, liscos e chourizo para todos os que queiran por 12 euros.

A inscrición xa está aberta e pode facerse a través de José (639 286 181) e Seijas (696 587 957). O prezo de inscrición é de 150 euros con seguro obrigatorio incluído.

**CASTRO.** O CD Castro terá o seu mesmo torneo a fin de semana do 7 ao 9 de xullo nas instalacións do Anexo Arturo Pereiro.

Aberto a todos os equipos, terá un máximo de 36 e 12 xogadores por participante.

A organización contará con servizo de bar, no que se ofrecerán bebidas e bocadillos ou churras, empanadas e criollos por 12 euros.

## TELÉFONOS DE INTERESE

<b>ABADÍN</b> Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	<b>COSEPITO</b> Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	<b>MEIRA</b> Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	<b>POL</b> Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
<b>A PASTORIZA</b> Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	<b>FRIOL</b> Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	<b>MURAS</b> Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	<b>RÁBADA</b> Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
<b>AS PONTES</b> Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	<b>GUITIRIZ</b> Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	<b>OUTEIRO DE REI</b> Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	<b>RIORTORTO</b> Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
<b>CASTRO DE REI</b> Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	<b>TELÉFONOS DE INTERESE</b> Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062		<b>VILALBA</b> Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
<b>XERMADE</b> Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55		<b>+</b> Teléfonos: <a href="http://www.terrachaxa.com">www.terrachaxa.com</a>	

## DE RUTA EN RUTA

# Abadín: Camiño do Norte

É este un dos concellos chairegos polos que atravesamos a ruta na etapa 29, dunha gran beleza e con mostras do patrimonio

O concello de Abadín é un dos municipios chairegos polos que atravesamos o Camiño Norte, que dá comezo en Irún e percorre todo o norte da península.

Despois de Castropol o camiño entra en Galicia cruzando o mar Cantábrico a través da ría de Ribadeo que é o punto de partida deste camiño na provincia de Lugo. Recoñecido pola Unesco no 2015 percorre ademais paisaxes que son Reserva da Biosfera.

No municipio de Abadín o trazo do camiño discorre pola ladeira do monte Pena da Roca ata chegar á Xesta. Antes de entrar a este núcleo de poboación podemos visitar a ermida de San Cosme da Montaña, un dos máis coñecidos santuarios romeiros da Chaira, situado no barrio da Xesta, freguesía de Galgao, e moi visitado.

É un lugar de culto onde cada 27 de setembro celébrase unha multitudinaria romaría. As peregrinacións ó San Cosme remóntanse máis alá dun século, unha romaxe que a día de hoxe segue unindo xeográfica e espiritualmente ás xentes da Chaira e da Mariña, pois a súa situación lindeira xerou un forte sentimento entre ambas



## DATOS



1.5 horas



8 quilómetros



Dificultade fácil

comarcas.

En canto á estrutura deste santuario, podemos dicir que se trata dunha sinxela construción relixiosa de estilo rural ou popular, unha estética moi común para as igrexas e capelas de moitas aldeas galegas. Na súa fachada pódese ver unha cuncha que convida a virar á esquerda por un camiño que cruza a Nacional-634 para chegar a Gontán, onde se atopa un albergue de peregrinos.

Na localidade de Gontán tamén podemos atopar a capela da Virxe de Fátima, construída a mediados

do século pasado por iniciativa privada e onde se celebran as festas da localidade no mes de maio. A talla da Virxe chegou á igrexa unha vez acabadas as obras, procedente dun taller de escultura de Santiago.

A continuación chegaremos ao núcleo de Abadín e unha vez o crucemos atoparemos a igrexa parroquial de Santa María de Abadín. Unha construción de estilo románico da primeira metade do século XII, con capela maior do século XVI de estilo gótico isabelino, e sancristía encostada detrás, de

época posterior.

Aparece coroada por dous escudos nos laterais da fachada, nos que se distinguen as estrelas e a media lúa da casa dos Luaces, que estivo vinculada a esta parroquia desde o ano 1574. No interior atópase un retablo maior de estilo renacentista popular e retablos laterais de traza popular e máis moderna.

Continuando o Camiño e chegando xa ao final do municipio de Abadín podemos atopar a igrexa de San Xoán de Castromaior, unha construción emprazada so-

bre un antigo castro, construída no século XVI e reformada posteriormente. Conta cunha planta rectangular e cuberta de lousa a dúas augas. No seu interior destaca un retablo maior barroco do século XVIII.

Poderemos continuar esta etapa xa polo municipio de Vilalba pasando por San Bartolomeu de Corvelle, Martiñán ou Goiriz entre outros, ata chegar a Vilalba onde remata. A etapa completa son un total de 29 quilómetros, sendo unha das máis chas e de fácil percorrido.



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05